CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2006



# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2006

CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

Dirección e coordinación:
Carlos Vales Vázquez

Equipo de traballo:
Mónica Agrazo Martínez
Carmen Borobio Vázquez
Verónica Campos García
Mónica Fernández Meirama
Natalia Neira García
Verónica Pajón Jacobe
Ana Belén Pardo Cereijo
Sonia Pazos Vieiro
Araceli Serantes Pazos
Rebeca Vázquez Vázquez

CEIDA Centro de Extensión Universitaria e Divulgación
Ambiental de Galicia
Castelo de Santa Cruz s/n 15179 Liáns Oleiros
Tel. 981 630 618
Fax. 981 614 443
www.ceida.org
ceida@ceida.org
cooperacion@ceida.org
documentacion@ceida.org
educacion@ceida.org
formacion@ceida.org

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2006

CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

# ÍNDICE


páxina

Un ano de consolidación e proxección exterior 9

## ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

I Seminario internacional sobre o uso sostible do mar 18
II Seminario internacional sobre o uso sostible do mar: Áreas mariñas protexidas 19
Proxecto internacional impactos das mareas negras nas aves mariñas 20
Seminario internacional perfeccionamento en educación ambiental: pensar estratexicamente 21
Master en xestión ambiental, auditorías e xestión do medio ambiente municipal 22
Grupo de traballo "Carta de calidade para os equipamentos de educación ambiental de Galicia" 23
Seminario técnico de estratexias de educación ambiental 24
Seminario de formación sobre dirección de mesas de traballo 25
I Xornada sobre iniciativas de recuperación e divulgación do patrimonio marítimo galego 26
Curso obradoiro técnicas para a interpretación e presentación do patrimonio natural e cultural 27
Xornada informativa para os concellos: os espazos naturais galegos e a Rede Natura 2000 28
V curso de iniciación á ilustración da natureza 29
Curso patrimonio, turismo e desenvolvemento local 30
Xornada formativa para guías e informadores turísticos sobre o Parque Nacional Marítimo– Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia 31
Xornada divulgativa ciencia, xestión e comunicación ante o desafío do cambio climático en Galicia 32
III curso fotografía de natureza 33
II curso de perfeccionamento ilustración da natureza 34
Xuntanza aberta de traballo: plano de xestión do lobo en Galicia 35
Curso de micoloxía 36
XI foro de medio ambiente 37
Conferencia "unha experiencia cubana de xestión do coñecemento da enerxía en rede" 38
Charla coloquio "a educación ambiental no Brasil" 39
Conferencia "contaminación mariña " 40
Conferencia "cambio climático" 41
Conferencia "Trevinca, Parque Natural, estación de esquí ou que?" 42
Curso de interpretación do patrimonio ambiental e cultural 43
Curso de recoñecemento dos recursos do territorio 44
Colaboración nas xornadas: oportunidades para o turismo ornitolóxico na Costa da Morte 45
Presentación da "Guía dos equipamentos para a educación ambiental na Galiza" 46
Presentación da "Memoria de actividades. CEIDA 2001-2005" 47
V Encontros atlánticos de neurociencia. Os estados do cerebro 48
Novas CEIDA 49

## PROGRAMAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

páxina

O mar e a costa, recursos valiosos para todos 54
Aula do Mar. Xestión do Centro de Recepción de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes. 56
Programa de visitas guiadas ao Castelo de Santa Cruz. 58

## EXPOSICIÓNS NO CEIDA

Iniciativas e experiencias de posta en valor do patrimonio marítimo galego 62
Doñana dende unha nube 63
Galicia, conservando a natureza. Espacios naturais de Galicia 64
A Galicia máis natural 65
O mundo dos xogos 66
O lobo ibérico 67
Fotógrafos da natureza 2006. Wildlife photographer of the year 68
Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible 69
Eclipse. El Roto 70

## EXPOSICIÓNS ITINERANTES

Operación Monarca 2006 73
Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible 74
O patrimonio marítimo de Galicia 75
Áreas mariñas protexidas 76

## CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DOMINGO QUIROGA

Introdución 80
Fondos documentais 81
Materiais elaborados polo centro 82
Campaña de divulgación 83
Redes de colaboración 83
Publicacións do CEIDA durante o ano 2006 84

## ENTIDADES COLABORADORAS 86

*A nosa época está vivindo unha agudización dos problemas ambientais, ao mesmo tempo que un proceso de toma de conciencia social da gravidade deses problemas para o futuro da calidade da vida humana sobre o noso planeta. Sirva como exemplo o problema do cambio climático que era ata hai poucos anos motivo de controversia científica, mentres que hoxe pasou xa a ser tema de preocupación dos responsables políticos e do cidadán medio.*

*Esta situación nova ten implicacións globais –o cambio climático ou a destrución da biodiversidade son exemplos diso- e tamén implicacións locais. Así, a sociedade galega está inmersa neste momento en debates de tan fonda transcendencia para o noso futuro colectivo como a ordenación territorial, a presión sobre o litoral, como xestionar os nosos ríos, os nosos residuos, ou como abastecernos de enerxía de maneira ambientalmente eficiente e racional. Para facer fronte a esta situación, a educación ambiental é un instrumento clave.*

*Hai só unhas décadas, a educación ambiental contemplábase como unha ferramenta necesaria para facer fronte aos desafíos ambientais actuais e futuros. Pero, hoxe en día, ten que formularse un obxectivo novo, como aprender a adaptarnos e convivir cun proceso de cambio global que desafía a intelixencia e capacidade de adaptación da especie humana.*

*Ante estes desafíos a universidade ten que xogar un papel de liderazgo, tanto no campo da investigación, do pensamento, coma na divulgación dos resultados. A universidade ten que producir coñecemento científico, e ten que poñer ese coñecemento ao servizo da sociedade. Por iso a Universidade da Coruña comprometeuse a poñer en marcha unha institución coma o CEIDA, e séntese orgullosa de liderala.*

*O CEIDA, como a memoria de actividades 2006 pon de manifesto, plasma algunhas das preocupacións e compromisos sociais que o equipo rectoral da Universidade da Coruña nos comprometemos a liderar. A extensión do coñecemento universitario para que sexa útil a toda a sociedade, neste caso no campo ambiental; a creación de pensamento científico socialmente útil a través da práctica educativa ambiental; o intercambio de experiencias e o fortalecemento das relacións coa comunidade universitaria galega e do resto das universidades do mundo; a apertura ao mundo profesional e empresarial, que tanto ten que dicir no campo do medio ambiente; tamén, a cooperación con outros países para axudar a resolver os problemas ambientais, aportando o noso coñecemento, aprendendo das súas experiencias.*

*Aínda que resta moito camiño por percorrer, sirva esta memoria como exemplo do noso compromiso por construír unha Galicia e un mundo sustentable para nós e para as xeracións futuras.*

*José María Barja*
*Reitor da Universidade da Coruña*
*Presidente do CEIDA*

## Un ano de consolidación e proxección exterior

O ano 2006 marca un momento de inflexión na historia do CEIDA. O período anterior, desde a posta en marcha do actual proxecto de xestión no verán do ano 2001, supuxo unha etapa de indagación e consolidación. Despois das experiencias fallidas anteriores, era preciso demostrar a utilidade real do Centro, o que se conseguiu a través das distintas actividades desenvolvidas no período, dirixidas a públicos diversos (educadores ambientais, xestores, profesionais, escolares, etc) e que tiveron formatos moi variados, incluíndo seminarios, cursos, xornadas ou conferencias, entre outras. Como consecuencia, entre os anos 2001 e 2005 realizáronse máis de 120 actividades formativas, polas que pasaron 5000 persoas. Outro dos obxectivos do período foi converter ao CEIDA nun referente da educación ambiental en Galicia, a través das actividades formativas sinaladas, dos programas de educación ambiental para escolares, e das actividades divulgativas, entre as que tivo un protagonismo especial o programa anual de exposicións de temática ambiental, polo que pasaron máis de 50.000 persoas no período sinalado. Algún dos logros foi abrir o CEIDA a outras entidades e institucións, ofrecer servizos entre os cales debe ser destacado o Centro de Documentación Ambiental, e conseguir a colaboración de outras administracións e institucións científicas na realización de seminarios e encontros, incluídos os de ámbito internacional. Tamén debe ser destacado que o período se caracterizou pola insuficiencia orzamentaria e a inestabilidade laboral do persoal necesario para levar a cabo todas as tarefas anteriormente sinaladas.

En calquera caso, a experiencia acumulada neses anos vai posibilitar que, co cambio acontecido no goberno da Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible considere ao CEIDA como unha ferramenta útil e necesaria para o desenvolvemento das súas campañas de sensibilización ambiental, das súas actividades de divulgación e dos seus programas de formación. O CEIDA pasa así, dunha maneira máis clara que nunca antes, a cumprir unha das funcións para as cales foi creado: ser un instrumento de concienciación e de colaboración coas administracións para contribuír á resolución dos problemas ambientais de Galicia. A maior involucración institucional vai garantir unha maior estabilidade orzamentaria e seguridade laboral, o que vai á súa vez posibilitar formular proxectos máis estables no tempo, máis prolongados e, polo tanto, máis ambiciosos. Esa perspectiva de proxectos a máis longo prazo vai permitir, como un valor engadido, tirar proveito da experiencia acumulada polo persoal traballador do CEIDA, despois dun proceso de aprendizaxe de anos. E, asimesmo, consolidar a experiencia adquirida en acadar recursos económicos externos para o funcionamento do Centro que permitan que este non dependa en exclusiva das aportacións das entidades constituíntes do Consorcio do CEIDA (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Universidade da Coruña e Concello de Oleiros), incrementando, asimesmo, a capacidade de intervención social.

### Orzamento anual do CEIDA desglosado

| | 2001 | 2002 | 2003 |
|---|---|---|---|
| Ingresos propios en € | 420.708,47 | 237.576,32 | 194.798,65 |
| Ingresos de xestión en € | | 5.409,11 | 87.123,99 |
| Orzamento | 420.708,47 | 242.985,43 | 281.922,64 |

### Orzamento anual do CEIDA desglosado

| | 2004 | 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|
| Ingresos propios en € | 207.942,13 | 340.379,76 | 442.751,88 |
| Ingresos de xestión en € | 251.202,90 | 267.736,32 | 305.000,00 |
| Orzamento | 459.145,03 | 608.116,08 | 747.751,88 |

## Comparativa orzamentos 2001-2006

### Orzamento 2001-2006




### Orzamento 2001-2006 desglosado




### Comparativa recursos propios 2001-2006




### Comparativa ingresos de xestión 2001-2006



Áreas de traballo do CEIDA co persoal asignado a cada área

| | |
|---|---|
| Dirección | 1 |
| Administración | 1 |
| Área de Extensión Universitaria | 1* |
| Área de Educación Ambiental | 4 |
| Área de Formación | 2 |
| Área de Documentación | 2 |
| Mantemento | 1** |
| Total | 12*** |

*Persoal da Universidade da Coruña
**Persoal do Concello de Oleiros
***Non inclúe ao persoal contratado a través de asistencias externas para desenvolver proxectos específicos (por exemplo, a atención das exposicións itinerantes, ou do uso público no Monumento Natural Costa de Dexo- Serantes).

## Áreas de actuación

As principais características que definen o perfil de actuación do CEIDA neste período, son as seguintes

### 1. Actividades vinculadas aos grandes desafíos ambientais.

A percepción dos problemas ambientais, e da súa importancia para o futuro da sociedade humana, evoluíu de maneira vertixinosa nos últimos anos, e problemas dos cales se discutía inclusive a súa existencia como tales –é o caso do cambio climático- hoxe son recoñecidos non só pola comunidade científica, senón ao nivel de opinión pública, como desafíos nos que está en xogo o benestar futuro da nosa sociedade. Tres son os âmbitos nos que se identifica de maneira palpable o proceso de crise global e da necesidade de actuación, o cambio climático por causas humanas, a destrución da biodiversidade, biodiversidade que garante os servizos ambientais dos que depende a calidade da vida humana no planeta e, por fin, a necesidade da definición de políticas e modelos de desenvolvemento ambientalmente sustentable.

O CEIDA comezou a actuar de maneira sistemática neses tres âmbitos, con programas de educación, comunicación e participación pública ante o desafío da mudanza climática en curso; co deseño de programas e actividades destinadas a contribuír ao freo da destrución da biodiversidade e dos espazos naturais que constitúen o seu principal soporte; tamén, formando e divulgando boas prácticas de xestión ambiental, especialmente nun espazo de gran importancia potencial, o da política local e a xestión municipal.
Durante o ano 2006 unha área de traballo identifica de forma particularmente efectiva os esforzos realizados polo CEIDA neste âmbito, a promoción da creación de Áreas Mariñas Protexidas, incluídas as Reservas Mariñas Extractivas. O mar define moi ben os déficits e debilidades existentes nos programas de conservación da natureza, tanto no âmbito local como no mundial. O CEIDA desenvolveu ao longo deste ano un programa, con vocación de continuidade, para poñer na axenda pública a necesidade de atender a este desafío. Este programa resume o ideal da liña de traballo do CEIDA, na medida en que é un programa conxunto con outros parceiros que comparten obxectivos comúns, tamén con vontade de incidencia social e política na construción dun mundo mellor, neste caso a Fundación Territori i Paisatge promovida pola Caixa de Catalunya, e con un forte liderazgo social na figura do seu director Jordi Sargatal, pero que foi asumido como propio pola Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e mais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos quen, a través do programa Amares, converteron a iniciativa nun acontecemento de grande impacto social en Galicia, patrocinando a circulación por todo o litoral galego dunha exposición itinerante, promovendo conferencias informativas e materiais divulgativos, e realizando outros esforzos que acabarán desembocando na declaración da primeira Reserva Mariña de Galicia promovida pola confraría de Lira e xerando un proceso que aspira a converterse en exemplar. Outras características deste traballo do CEIDA que aspiran a perpetuarse son, por unha parte, a contribución de expertos internacionais e a colaboración con outras comunidades autónomas e países e, por outra, o recoñecemento da importancia da participación da sociedade civil e as súas institucións, en definitiva, a importancia dos procesos de participación e involucración social para o bo éxito a longo prazo dos proxectos ambientais.

### 2. Madurez dos programas de educación ambiental

O CEIDA non é un equipamento ambiental ao uso, ou "típico", no sentido en que a súa función principal non é ofertar actividades de educación ambiental dirixidas a colectivos escolares ou públicos xenéricos, e na medida en que pode ofertar, e ten vocación de facelo, actividades de formación, documentación ou dinamización ambiental non asumibles por outros equipamentos. Non obstante, o CEIDA definiu o seu propio programa de educación ambiental coa mente posta en aproveitar os recursos da sede da institución e o seu contorno –ambos privilexiados-, e en contribuír a divulgar a existencia do Centro e as súas potencialidades entre a sociedade galega. O CEIDA pretende tamén converterse nun crisol de experimentación sobre boas prácticas educativas no âmbito non formal e aportar as súas experiencias, na medida en que puidesen resultar útiles, ao resto dos equipamentos.

Se ben o punto de partida se caracterizou pola súa extrema fraxilidade –falta de experiencia, de recursos e de garantías de continuidade- o tempo permitiu perfilar un proxecto sólido, con aspiracións de contribuír seriamente á formación ambiental da sociedade e a compartillar, na medida en que poidan ser útiles para outros educadores ambientais, as súas experiencias. Hoxe o CEIDA xestiona, en compromiso coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e co Concello de Oleiros, a Aula do Mar e Centro de Visitantes do Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes que, con só un ano de experiencia, aspira a converterse nun dos Centros máis visitados da rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia.

### 3. Consolidación do Centro de Documentación

Durante anos, Galicia careceu dun Centro de Documentación Ambiental digno de tal nome. Hoxe, o CEIDA cobre ese baleiro, en coordinación coa Consellería de Medio Ambiente (D.X. de Desenvolvemento Sostible) e do Centro Ambiental de Lourizán, adscrito á Consellería. O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga do CEIDA é produto dun longo esforzo que agora dá os seus froitos, que lidera a documentación ambiental en Galicia, traballando en rede co resto dos centros de documentación ambientais españois, capaz de subministrar información útil e actualizada a investigadores, profesionais e administracións a través dos seus boletíns electrónicos mensuais e da súa asistencia en sala.

### 4. Proxección externa

Se ben nun primeiro momento era unha prioridade para o CEIDA que a institución fose identificada coa súa sede no Castelo de Santa Cruz, o momento actual manifesta outras necesidades e desafíos. Nun primeiro momento a identificación CEIDA- Castelo de Santa Cruz era importante por diversos motivos. Un deles, que a idea inicial do CEIDA é mérito do Concello de Oleiros e o seu goberno municipal, quen pon a disposición da Xunta de Galicia un equipamento absolutamente excepcional, sen parangón posible en calquera equipamento ambiental español, e o Concello reclamaba e merecía a posta en valor das instalacións. Outro motivo é que seguramente sería pouco intelixente apostar por un centro

**Relación de actividades realizadas polo CEIDA e participantes nas mesmas no periodo 2001-2006**

Número de actividades

| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividades de formación e divulgación ambiental | 8 | 29 | 32 | 30 | 21 | 31 |
| Exposicións | 1 | 5 | 5 | 10 | 11 | 9 |
| Exposicións itinerantes (4) | - | - | - | - | - | 42 |
| Programas de educación ambiental | 22 | 61 | 169 | 151 | 194 | 219 |
| Aula do mar | - | - | - | - | - | - |
| Total | 31 | 95 | 206 | 191 | 226 | 301 |

Número de participantes

| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividades de formación e divulgación ambiental | 445 | 1.140 | 1.210 | 1.393 | 769 | 1.326 |
| Exposicións | 880 | 5.400 | 11.686 | 14.675 | 18.577 | 17.181 |
| Exposicións itinerantes (4) | - | - | - | - | - | 20.663 |
| Programas de educación ambiental | 1.352 | 2.527 | 3.150 | 5.664 | 6.389 | 6.217 |
| Aula do mar | - | - | - | - | - | 10.662 |
| Total | 2.677 | 9.067 | 16.046 | 21.732 | 25.735 | 56.049 |

de referencia para a educación ambiental de Galicia, nun contexto pouco favorable, sen aproveitar o potencial do sitio, o atractivo práctico e simbólico que o Castelo e a illa de Santa Cruz representaban. Pero, superado ese período de lexitimación, o CEIDA debe facer fronte ao seu compromiso estatutario de ser un referente ambiental para o conxunto de Galicia, o que significa inevitablemente descentralizar actividades. E, aínda que o ano 2006 non foi o primeiro no que o CEIDA manifestou esa vontade de servir a toda a sociedade alí onde se demandan os seus servizos, si foi o ano no que o fixo de maneira máis inequívoca, como demostrou a organización en Carballo de cursos de varios días de duración en colaboración co programa de dinamización turística da Costa da Morte, ademais doutras actividades máis puntuais noutras localidades de Galicia.

## 5. Cooperación

Non debería ser necesario explicar a necesidade da cooperación internacional para calquera que desenvolva a súa actividade profesional ou teña unha mínima sensibilidade no ámbito do ambiente, pero máis alá da solidariedade cos países e sectores sociais desfavorecidos (é evidente que existen excluídos ambientais), tamén é constatable que existen problemas ambientais que requiren respostas globais ou internacionais, e que é posible aprender e intercambiar experiencias con individuos, colectivos e entidades doutros países. No caso galego, temos o privilexio de compartillar elementos culturais e históricos comúns cos países de lingua portuguesa (comunidade lusófona), cos países iberoamericanos e cos países europeos, o que nos abre perspectivas de aprendizaxe e camaradería ambiental enormes. Acorde con esta reflexión, o CEIDA esforzouse nestes anos en fortalecer os seus lazos internacionais. Ademais de que numerosos ambientalistas e intelectuais procedentes de todo o mundo visitaron o Castelo de Santa Cruz durante estes anos, quizais a plasmación máis clara deses intercambios a favor dunha cultura ambiental e un futuro sustentable sexan a presenza de colegas dos países lusófonos no Seminario Internacional de Educación Ambiental celebrado na sede do CEIDA en novembro deste ano 2006, ou a proposta feita, froito do traballo previo de colaboración e intercambio, pola Delegación oficial brasileira no Congreso Iberoamericano de educación ambiental, aprobado pola unanimidade dos asistentes, de que Galicia fose a anfitriona do I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos, a celebrar en Santiago de Compostela no ano 2007.

## 6. Aportacións teóricas

A educación ambiental ten desde as súas orixes un gran desafío: ser produto da identificación da existencia dun problema humano de envergadura planetaria, a degradación ambiental producida polas nosas actividades, e a necesidade de utilizar os instrumentos socio-educativos para facer fronte a ese problema. A situación actual é demostración dun fracaso, e ao mesmo tempo acumula unha enorme bagaxe teórica e práctica de experiencias para facerlle fronte ao problema. Un problema do cal non é responsable a educación, senón o modelo económico, de produción e consumo, pero ao que a educación ambiental non pode renunciar a facer fronte e a aportar as súas experiencias. Tamén neste ámbito o CEIDA deu pasos, promovendo debates intelectuais, poñendo a disposición do público a opinión de expertos internacionais e, particularmente, producindo publicacións de pensamento ambiental, entre as que debe ser destacada a revista Ambientalmente Sustentable, con vocación de ser un referente intelectual internacional.



*En azul, países de orixe de conferenciantes e relatores das actividades do CEIDA no período 2001- 2006.*
*O CEIDA esforzouse en proxectar a preocupación ambiental de Galicia e en compartir debates, experiencias e formación con expertos e activistas de todo o mundo.*



# Actividades de formación e divulgación

## I Seminario internacional sobre o uso sostible do mar







**Data**

13 de Marzo.

**Lugar**

Castelo de Sta Cruz.

**Obxectivos**

Trátase de chegar a un plan de acción, unha proposta metodolóxica e unha proposta de comunicación e divulgación social co obxectivo de definir conceptos e o marco legal e operativo para levar a cabo a declaración de Áreas Mariñas Protexidas (AMP), desenvolver un manual para definir criterios para a designación de AMPs e realizar unha exposición que utilizará instrumentos de comunicación específicos para os distintos colectivos sociais co fin de darlles a coñecer a necesidade de declarar Áreas Mariñas Protexidas e Reservas Mariñas.

**Participantes**

28 persoas. Os participantes son representantes da administración (Ministerio de Medio Ambiente e Consellerías de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Pesca e Asuntos Marítimos), científicos do mundo do mar (universidades galegas, Universidad de Oviedo, Universidade do Algarve), organizacións ambientalistas (UICN, Europarc, Greenpeace, CEMMA, ADEGA, Sociedade Galega de Historia Natural e Federación Ecoloxista Galega) e outros colectivos adicados ao mar, coma o Centro Tecnolóxico do Mar e a Confraría de Lira.

**Organiza**

Fundació Territori i Paisatge e CEIDA.

**Colaboran**

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Programa Amares de uso sostible do mar.





## II Seminario internacional áreas mariñas protexidas

**Datas**

17 e 18 de Xullo.

**Lugar**

Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**

Definir e establecer instrumentos para unha xestión integrada e eficiente da beiramar e dos espazos mariños. Instrumentos capaces de compatibilizar intereses económicos, sociais, turísticos e demográficos coa conservación dos valores naturais.

Avanzar no establecemento dunha rede de AMPs, incluídas áreas litorais, en Galicia e en todo o ámbito ibérico, así como para promover a cooperación para este fin no marco internacional.








**Contidos**

Instrumentos para a creación de AMP's no marco ibérico
Processes for the declaration and management of Marine Protected Areas.
Relationship between fisheries and conservation.
Figuras de conservación: vantaxes e debilidades.
A situación das AMPs no Portugal continental: problemas e obxectivos marcados.
A conservación do medio mariño e litoral en Cabo Verde.
Áreas Mariñas Protexidas en Canarias e a sostenibilidade dos recursos mariños e costeiros.
Planificación e xestión de espacios protexidos mariños: a visión de Europarc-España no marco do Plan de Acción para os espazos naturais protexidos do Estado Español.
Presentación da Proposta de Rede Representativa de Áreas Mariñas Protexidas en España.
A importancia dos espazos da Rede Natura para a conservación do litoral en Galicia.
Amares, Programa de Uso Sostible do Mar para Galicia
O proceso de creación da Reserva Mariña de Lira.
A aportación do Parque Nacional a unha rede de AMPs en Galicia.

**Participantes**

54 persoas.

**Organizan**

Fundació Territori i Paisatge.
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia.
Amares- programa de uso sostible do mar.
CEIDA.

**Relatores**

**Jordi Sargatal i Vicens**, director da Fundación Territori i Paisatge. **Carlos Vales Vázquez**, director do CEIDA. **Dan Laffoley**, responsable de Áreas Mariñas de English Nature. **Rob Blyth-Skyrme**, Senior Fisheries Advisor da UICN. **François Simard**, responsable do programa de AMPs da UICN. **Rui Santos**, Professor Associado com Agregação Coordinator, ALGAE – Marine Plant Ecology Research Group Center of Marine Sciences of Algarve University. **Ivone Lopes**, Directora Xeral de Ambiente da República de Cabo Verde. **Ricardo J. Haroun Tabraue**, Director do Grupo de Investigación en Biodiversidade e Conservación, Universidade de Las Palmas de Gran Canarias. **Carles Castell Puig**, Europarc-España. **Pilar Marcos Rodríguez**, Coordinadora do programa de AMPs de WWF/Adena. **Pablo Ramil Rego**, Director do Instituto de Biodiversidade Agraria, IBADER. **Emilio Fernández Suárez**, Director Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Francisco Fernández Cortés**, Director Xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. **Emilio Louro Lamela**, Secretario da Confraría de Lira, Proxecto MARDELIRA. **José Antonio Fernández Bouzas**, Director do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

## Proxecto internacional impactos das mareas negras nas aves mariñas

Seminarios internacionais





**Datas**

8 e 9 de Setembro.

**Lugar**

Castelo de Santa Cruz. Oleiros

**Obxectivos**

O obxectivo é producir un manual con recomendacións para ser usado en futuros incidentes. Para iso estanse a estudiar mareas negras recentes en Europa, tales como as producidas polos petroleiros Prestige e Erika, así como as boas e malas prácticas levadas a cabo, avalíanse tamén as recomendacións técnicas para chegar a un acordo xeral nos protocolos, tendo en conta o potencial do voluntariado e os recursos que ten cada nación.

**Contidos**

Unha lembranza do vertido do Prestige. As aves mariñas europeas, que estamos protexendo?. Por que avaliar o impacto da natureza petroleada?. Minimizar os danos a longo prazo utilizando os datos durante o vertido. Estudios de casos dos incidentes europeos do pasado. Aspectos da preparación e planificación. Desenvolvemento dun manual: revisión e organización dun traballo.

**Participantes**

40 participantes.

**Organiza**

Universidade da Coruña, Royal Netherlands Institute for Sea Research e Sea Alarm Foundation.

**Colabora**

CEIDA.



*Ilustración: Suso Cubeiro*

## Seminario internacional perfeccionamento en educación ambiental: pensar estratexicamente

**Datas**

23, 24 e 25 de Novembro.

**Lugar**

Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**

Crear un marco de reflexión sobre os retos da Educación Ambiental (EA) como instrumento para contribuír á sustentabilidade e á mellora da problemática ambiental.
Contribuír á formación e á cualificación profesional dos educadores ambientais galegos para aumentar a eficacia do uso da EA como ferramenta de intervención social.
Reflexionar sobre o estado e os problemas da EA en Galicia, no Estado e outros países con afinidades culturais e lingüísticas: Portugal, Brasil e Cabo Verde.
Robustecer as relacións de cooperación internacional entre administracións e educadores ambientais.

**Contidos**

A EA en Galicia: retos e compromisos. Un centro de referencia para a EA en Galicia. A EA e o desenvolvemento sustentable: compatibilidades e diverxencias. Avaliación do Libro Blanco de EA. Que aprendemos en 20 anos de EA.
A Avaliación da EA: dunha tarefa pendente a un proceso en marcha. As estratexias de EA no Estado Español: o caso de Navarra. O reto da profesionalización dos educadores e educadoras ambientais. Estratexias de comunicación: a interpretación do patrimonio. Aportacións da EA na conservación do patrimonio natural. EA nos centros educativos: unha experiencia de intervención. O reto da EA nos concellos. Espazos comunitarios para construír a sustentabilidade.
Participación, compromiso e voluntariado ambiental. O Plan de Voluntariado en Defensa do Monte Galego. Os procesos de calidade nos equipamentos de EA. Mesa redonda: Educación Ambiental e Cooperación. A EA na política española de cooperación. A EA en Portugal: retos e compromisos. A EA en Brasil: retos e compromisos. A EA en Cabo Verde: retos e compromisos. A EA en Angola: retos e compromisos.

**Participantes**

75 persoas.

**Organiza**

CEIDA.

**Colaboran**

Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Turismo- Consellería de Innovación e Industria e Deputación da Coruña.

**Relatores**

**Manuel Tajes Gómez**. Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Coruña. **Carlos Vales Vázquez**. Director do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA). **Pablo Meira Cartea**. Profesor de Educación Ambiental. Universidade de Santiago de Compostela. **Carlos Mediavilla García**. Gabinete Técnico. Ministerio de Medio Ambiente. **Javier Benayas del Álamo**. Vicerretor de Calidad Ambiental. Universidad Autónoma de Madrid. **José Gutiérrez Pérez**. Profesor de Métodos de Investigación y Diagnóstico en Educación. Universidad de Granada. **Javier Asín Semberoiz**. Director do Centro de Recursos Ambientales de Navarra. Goberno de Navarra. **Susana Soto Fernández**. Educadora ambiental. Coordinadora do Grupo de Dignificación Profesional e Vicepresidenta da SGEA (Sociedade Galega de Educación Ambiental). **Francisco J. Guerra Rosado "Nutri"**. Director técnico de Servicios de Educación y Estudios Ambientales, S.L. (SEEDA, S.L.). **Óscar Cid Favá**. Director do Camp d'Aprenentatge Delta de l'Ebre. Generalitat de Catalunya. **José María de Pedro Corrales Vázquez**. Director General de Promoción Cultural, Junta de Extremadura. Profesor da Escuela Universitaria de Formación del Profesorado, Universidad de Extremadura. **Hilda Weissmann**. Coordinadora das Axendas 21 Escolares do Concello de Barcelona. **Ricardo de Castro Maqueda**. Dirección General de Educación Ambiental y Sostenibilidad. Consejería de Medio Ambiente, Junta de Andalucía. **Rubén Cela Díaz**. Director Xeral da Xuventude e Solidaridade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Xunta de Galicia. **Araceli Serantes Pazos**. Xefa da Área de Extensión Universitaria do CEIDA. Universidade da Coruña. **Xosé Artur Cuns Traba**. Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Xunta de Galicia. **Javier Alonso Castillo**. Responsable de Medio Ambiente da Área de Planificación Sectorial da Dirección General de Planificación y Evaluación de Políticas para el Desarrollo, Secretaria de Estado de Cooperación Internacional, Ministerio de Asuntos Exteriores y de Cooperación. **Joaquim Ramos Pinto**. NEREA Investiga. Asociación Internacional de Investigadores en Educación Ambiental (Portugal). **Marcos Sorrentino**. Director de Educación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente de Brasil. **Aidil Borges**. Membro do Equipo Pedagóxico Nacional do Programa de Educación Ambiental na Rexión do Sahel (África Subsahariana). Ministerio do Medio Ambiente de Cabo Verde. **Carlos Renato Ferreira Domingos**. JEA- Juventude Ecológica Angolana.

## Master en xestión ambiental, auditorías e xestión do medio ambiente municipal

**Datas**

Do 21 de outubro de 2005 ao 22 de xullo de 2006.

**Lugar**

Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**

Ofrecer unha formación especializada que capacite para intervir con seguridade e eficacia na xestión do medio ambiente.

**Contidos**

Contaminación atmosférica. Contaminación e depuración de augas EDAR e ETAP. Contaminación mariña. Contaminación acústica. Contaminación de solos e recuperación de espazos degradados. Xestión e tratamento de residuos. Transporte de mercancías perigosas. Radioactividade natural e artificial. Control e detección da Legionella. Enerxías renovables. Dereito ambiental. Política internacional do medio ambiente. Medio ambiente e economía. Medio ambiente e turismo. Actuación policial no entorno ambiental. Educación ambiental. Cartografía e GPS. Sistemas de información xeográfica aplicados ao medio ambiente. Ordenación do territorio e sustentabilidade. Xestión de espazos naturais. Avaliación do impacto ambiental. Sistemas de xestión ambiental -ISO 14001- EMAS. Prevención e control integrados da contaminación IPPC. Auditorías ambientais na empresa. Xestión ambiental municipal, Axenda 21 Local. Urbanismo e medio ambiente. Teledetección aplicada a estudios ambientais.

**Participantes**

10 persoas.

**Organiza**

OFC Centro de Formación Ambiental.

**Colabora**

CEIDA.

**Relatores**

**Jesús Robles Blanco**, licenciado en Dereito e asesor xurídico medioambiental. **Eva Álvarez Sánchez**, licenciada en Bioloxía e xefe de laboratorio E.D.A.R. (CADAGUA). **Pedro Menéndez Callés**, licenciado en Químicas e xefe departamento de medio ambiente de ACUSMED. **Juan Mogín Del Pozo**, licenciado en Químicas e diplomado en técnicas de defensa en Medio Ambiente, director del Grupo TOYSAL. **Emilio Menéndez Pérez**, doutor. Enxeñeiro de Minas – Profesor Honorífico de Universidade Politécnica de Madrid e Universidade Autónoma de Madrid. **Ángel Francisco González González**, doutor en Bioloxía – Instituto de Investigacións Mariñas CSIC. **Carlos Vales Vázquez**, Director do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA). **José Luis Bermúdez Cela**, licenciado en Químicas – xefe de medio ambiente de ENDESA GENERACIÓN. **Paula Rivero Domingo**, licenciada en Químicas, directora de ACUSMED (Consultaría Acústica Medioambiental). **Beatriz Calzón Fernández**, licenciada en Dereito – Conselleira de seguridade para o transporte de mercancías perigosas do Grupo Casintra. **José Antonio Vicente Pérez**, licenciado en Químicas - xefe de explotación da Planta de Residuos Industriais (COGERSA). **Jesús Romero Gutiérrez**, enxeñeiro técnico de Minas – instalador proxectista de enerxía solar. Director de Solcan. **Antonio Ignacio Cueto**, enxeñeiro técnico Forestal – Director de AIDEMA. **Luis Abia Águila**, doutor en Químicas – xefe departamento de medio ambiente de AGBAR Certificaciones. **José Francisco Alonso** Picón, doutor en Químicas e licenciado en Farmacia. **Juan Carlos Cánovas Suárez**, licenciado en Químicas – Auditor de DET NORSKE VERITAS. **Jesús David Rodríguez**, licenciado en Químicas - Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible. **Luis Angel Horga Rodrigo**, tenente xefe do Servicio de Protección da Natureza. **Higinio Sánchez-Rodilla y Fuentes**, licenciado en Químicas – Profesor do Consello de Seguridade Nuclear (CSN). **Rosario González Moradas**, doutora en Xeoloxía – profesora da Universidade de de Oviedo. **Raquel Perdiguer López**, enxeñeiro superior en Xeodesia e Cartografía – profesora Universidade de Oviedo. **Sergio Álvarez Fernández**, escola Universitaria de Relacións Laborais da Universidade de Oviedo. **Isidro Suárez Sánchez**, doutor en Bioloxía pola Universidad Complutense.



*Fotografía: Xacobe Meléndrez*

## Grupo de traballo "Carta de calidade para os equipamentos de educación ambiental de Galicia"







**Datas**

22 de Febreiro, 24 de Marzo e 28 de Abril.

**Lugar**

Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**

O grupo de traballo composto por educadores/as de equipamentos galegos para a educación ambiental elaborou un listado de indicadores que permiten avaliar os criterios da Carta de Calidade. Na sesión de marzo contouse coa colaboración de Agustín Pons (Grupo Entorno) para definir metodoloxía e un protocolo de aplicación dos mesmos.

**Participantes**

10 educadores e educadoras dos equipamentos galegos para a educación ambiental.

**Organiza**

Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e CEIDA



## Seminario técnico de estratexias de educación ambiental

**Datas**
9 e 10 de Marzo.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**
Presentación e avaliación das estratexias de educación ambiental das Comunidades Autónomas do Estado Español.

**Participantes**
18 responsables das estratexias de educación ambiental de Comunidades Autónomas.

**Organiza**
Ministerio de Medio Ambiente.

**Colabora**
CEIDA.













## Seminario de formación sobre dirección de mesas de traballo

**Data**
20 de Marzo.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
Aportar referencias técnicas e metodolóxicas cara ao desenvolvemento de mesas de traballo.

**Contidos**
Factores e procesos clave na condución de xuntanzas e mesas de traballo. Metodoloxía para dinamizar un proceso participativo e técnicas aplicables ás mesas de traballo. Práctica. Como obter as conclusións das mesas de traballo.

**Participantes**
10 alumnos.

**Organiza**
CEIDA.

**Relator**
CIDADANIA Soc. Coop. Galega.



## I Xornada sobre iniciativas de recuperación e divulgación do patrimonio marítimo galego

**Data**
25 de Marzo.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
Fortalecer a rede de iniciativas que, presentes no litoral galego, tentan revalorizar o noso patrimonio marítimo natural, histórico e cultural.

**Contidos**
O patrimonio marítimo galego relatado por Luís Rei, director de "Ardentía", revista de divulgación e investigación da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.
Presentación de experiencias por parte de: Mar de Lira e Mar de Laxe, CEMMA, Aquarium O Grove, Federación pola Cultura Marítima e Fluvial, Guimatur, Instituto de Estudos Miñoranos, Aquarium Finisterrae, A.C. Dorna, Sociedade Galega de Historia Natural, Barco Boniteiro "Reina del Carmen", Centro de visitantes e interpretación San Estebo (Cíes) e Museo do Mar de Galicia.
Mesas de traballo: asignaturas pendentes na recuperación do patrimonio marítimo galego, unha rede galega de iniciativas sobre o patrimonio marítimo?, novas oportunidades de desenvolvemento no sector servicios e, conservar o noso mar para conservar a nosa identidade.

**Asistentes**
110 persoas.

**Patrocinan**
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

**Organiza**
CEIDA.



*Fotografía: Xacobe Meléndrez Fassbender*



## Curso obradoiro técnicas para a interpretación e presentación do patrimonio natural e cultural

**Datas**
Do 27 ao 31 de Marzo.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
Coñecer as características da interpretación como estratexia de comunicación en contornos non formais. Coñecer as distintas posibilidades dos medios e as técnicas para a interpretación ao público visitante (turistas, habitantes locais).
Analizar os aspectos básicos para lograr unha comunicación efectiva e impactante.
Mediante traballos prácticos, aplicar algunhas técnicas revisadas.

**Contidos**
Diferencias con outros enfoques educativos / divulgativos.
Os destinatarios da interpretación: necesidades e características.
Valoración do potencial interpretativo.
Técnicas de comunicación.
Medios impresos. Sinais e paneis interpretativos.
Sendeiros e itinerarios: guiado interpretativo.
Exhibicións e exposicións.
Interpretación ambulante e espontánea.

**Participantes**
30 persoas.

**Organiza**
CEIDA.

**Colabora**
Dirección Xeral de Turismo- Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

**Relator**
Jorge Morales Miranda. Consultor en Interpretación do Patrimonio.









## Xornada informativa para os concellos: os espazos naturais galegos e a Rede Natura 2000

**Data**
24 de abril.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
Presentación aos alcaldes de concellos das provincias da Coruña e Lugo que no seu territorio inclúen espazos dentro da Rede Natura 2000.

**Contidos**
Beneficios ecolóxicos, culturais, sociais e económicos dos espazos protexidos como Rede Natura 2000. Exemplos europeos.

**Participantes**
30 persoas.

**Organiza**
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**Colabora**
CEIDA.

**Relator**
Miguel Castroviejo. Conselleiro de Medio Ambiente da Representación Permanente de España na Unión Europea.







*Fotografía: David Agrazo*





## V curso de iniciación á ilustración da natureza

*Ilustracións: Carlos Silvar*

**Datas**
Do 22 de Maio ao 3 de Xuño.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
Preténdese con este curso introducir ao usuario nas técnicas básicas de debuxo para a realización de bocetos de campo, facilitando un rexistro de primeira man que complemente, precise e enriqueza as observacións efectuadas, ao tempo que sirvan de base para a realización de traballos máis complexos.

**Contidos**
Presentación e introdución.
Materiais e equipamento básico.
Técnicas de expresión. Retentiva.
Apuntes do natural.
A luz e a valoración tonal.
Nocións de perspectiva e composición.

**Participantes**
17 persoas.

**Organiza**
CEIDA.

**Relator**
Calros Silvar. Licenciado en Belas Artes e ilustrador. Deseñador en O Castro- Sargadelos.









## Curso patrimonio, turismo e desenvolvemento local



**Data**

2 de Xuño.

**Lugar**

Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**

Dar a coñecer estratexias de conservación do patrimonio construído a través de recursos baseados na comunicación. Presentar o patrimonio como impulsor do desenvolvemento local e o turismo.

**Contidos**

O papel dos museos na conservación do patrimonio.
Posta en valor do patrimonio: retos e problemas.
Patrimonio, turismo e desenvolvemento local.
Posta en valor do patrimonio: estudo de casos.
O patrimonio na xestión municipal.

**Participantes**

69 persoas.

**Organiza**

CEIDA.

**Colaboran**

Dirección Xeral de Turismo- Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.
Deputación da Coruña.

**Relatores**

**Felipe Arias**, director Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte. **Renée Siván**, directora da Davidson Exhibition and Virtual Reconstruction Center. **Marcelo Martín**, arquitecto. **Matilde González**, arqueóloga, especialista en xestión, renovación e revalorización do patrimonio histórico.









Fotografía: Xacobe Meléndrez



## Xornada formativa para guías e informadores turísticos sobre o Parque Nacional Marítimo–Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

**Data**

21 de Xuño.

**Lugar**

Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**

Dar a coñecer os valores naturais e culturais do Parque Nacional. Promover unha visión integral da rede de espazos naturais galegos. Proporcionar ferramentas e recursos que permitan informar aos potenciais visitantes do Parque Nacional sobre aspectos como os servizos do mesmo, a normativa ou a xestión dun xeito claro e preciso. Proporcionar unha canle de comunicación co Parque Nacional. Transmitir aos participantes a necesidade de conservación e protección dos valores naturais do Parque Nacional.

**Contidos**

Presentación: obxectivos, contidos e programa.
Introdución: Espazos Naturais Galegos Protexidos.
Rede de Parques Nacionais españois.
Rede de espazos naturais galegos.
O Parque Nacional Marítimo- Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
Medio natural: medio físico, fondos mariños, flora terrestre e fauna terrestre.
Introdución á historia e patrimonio cultural do parque.
Uso público no Parque Nacional: a visita.
Normativa e lexislación.
Xestión e proxectos do parque.
Papel dos informadores de turismo na divulgación dos valores e recursos do Parque Nacional: a comunicación ambiental, unha ferramenta para a conservación do noso territorio.
Recursos e materiais de apoio para mellorar a información e divulgación do noso territorio.
Preguntas, suxestións e avaliación da xornada.

**Participantes**

84 persoas.

**Organizan**

Parques Nacionales- Secretaría General para el Territorio y la Biodiversidad e CEIDA.

**Colaboran**

Dirección Xeral de Conservación da Natureza- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.
Dirección Xeral de Turismo- Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

**Relatores**

Persoal técnico do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Fotografía: David Agrazo



## Xornada divulgativa ciencia, xestión e comunicación ante o desafío do cambio climático en Galicia

**Data**
7 de Xullo.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
Fornecer a empresas, educadores ambientais e medios de comunicación social de información relevante sobre o cambio climático e os seu impacto ambiental, social e económico. Dar a coñecer as propostas da administración galega para combater o cambio climático.

**Contidos**
Presentación dos obxectivos da xornada.
Impacto do cambio climático no medio terrestre.
Impacto do cambio climático na atmosfera.
Impacto do cambio climático no medio mariño.
Respostas da administración ante o cambio climático.
Educación e comunicación ante o cambio climático.
Que sabemos sobre o cambio climático?.
As representacións sociais sobre o cambio climático.
Mesa redonda: os medios de comunicación ante o cambio climático.

**Participantes**
45 persoas.

**Organiza**
CEIDA.

**Colaboran**
Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.
Instituto Enerxético de Galicia- INEGA.
Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM.

**Relatores**
**Francisco Díaz-Fierros Viqueira**, catedrático de Edafoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. **Vicente Pérez Muñuzuri**, director Meteogalicia. **Antonio Bode**, investigador titular do Instituto Español de Oceanografía. **Emilio Fernández Suárez**, Director Xeral de Desenvolvemento Sostible. **Xoán Ramón Doldán García**, director do INEGA. **Guillermo Leira**, técnico de medio ambiente do Concello da Coruña. **Francisco Heras Hernández**, coordinador da Área de Educación e Cooperación do CENEAM. **Pablo Meira Cartea**, profesor da Universidade de Santiago de Compostela. Como representantes de medios de comunicación: **Antón Luaces** (RNE), **Jorge Mira** (TVG) e **Raúl Romar** (La Voz de Galicia).








## III Curso fotografía de natureza

**Datas**
16, 17, 23 e 24 de Setembro.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
Dotar aos participantes no curso de ferramentas e coñecementos para a realización de fotografías de natureza.

**Contidos**
Introdución.
Equipo fotográfico para fotografía de natureza: Formatos, películas e sensores. Que cámara usar? Analóxico vs. dixital.
Funcionamento básico dunha cámara: diafragma e obturador, modos de exposición, fotómetros, outros controles. Novidades dixitais: resolución, iso, ruído, tarxetas de memoria...
Óptica para analóxico e dixital. Estabilización e flash.
Paisaxes: Introdución. Profundidade de campo e exposición. Composición e encadre. Estética. A luz na paisaxe. Filtros. Edición dixital inmediata. Amenceres e atardeceres (fallo da reciprocidade).
Macrofotografía: Introdución. Factor de ampliación e vantaxes dixitais. Luz natural vs. uso do flash. Composición, encadre e profundidade de campo. Inconvenientes da macrofotografía. Accesorios para macrofotografía.
Fauna: Introdución. Vantaxes dixitais. Pequena fauna.
Fotografía de acuario: insectos, anfibios, peixes. Anfibios e réptiles. Aves e mamíferos.
Fotografía en viaxes: Zonas interesantes. Equipo e preparativos. De viaxe. De volta.
Arquivo fotográfico: Edición analóxica vs dixital. Ordenar e manter un arquivo de imaxes: película vs dixital.
Bibliografía: Prensa e editorial. Internet.

**Participantes**
33 persoas.

**Organiza**
CEIDA.

**Colaboran**
Foto Artús.
Fujifilm.

**Relatores**
**Juan María Sánchez Peral** e **José Luís de Lope Tizón**. Fotógrafos profesionais de natureza.






## II Curso de perfeccionamento ilustración da natureza







**Datas**
Do 25 de Setembro ao 7 de Outubro.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
Afondar nas técnicas de debuxo para a realización de apuntes de campo, introducindo a cor nos rexistros, para completar e enriquecer as observacións efectuadas, de xeito que constitúan unha boa base para realización de ilustracións finais.

**Contidos**
Presentación e Introdución.
Materiais e equipamento básico.
Teoría da cor.
Técnicas básicas.
Apuntes do natural.
Uso da cor.
Bocetos de campo a cor.
Bocetos con seres vivos.
Apuntes do natural.

**Participantes**
14 persoas.

**Organiza**
CEIDA.

**Relatores**
Calros Silvar. Licenciado en Belas Artes e ilustrador. Deseñador en O Castro- Sargadelos.



*Ilustracións: Carlos Silvar*

## Xuntanza aberta de traballo: plano de xestión do lobo en Galicia

**Data**
30 de Setembro.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**
Xuntanza que reúne a naturalistas e destacados expertos na situación do lobo para avaliar a proposta de xestión desta especie feita pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

**Participantes**
25 persoas.

**Organiza**
Asociación para a Defenda Ecolóxica de Galiza- ADEGA.

**Colabora**
CEIDA.









*Fotografía: Xacobe Meléndrez*

## Curso de micoloxía

**Datas**
Do 14 ao 18 de Novembro.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
O obxectivo do curso é achegar o mundo dos fungos a todas aquelas persoas interesadas no medio natural e no aproveitamento dos cogumelos.

**Contidos**
Aporte de cogumelos por parte dos participantes, determinación e exposición dos mesmos. Introdución ao mundo da micoloxía: Formas de vida dos fungos. Morfoloxía xeral dos cogumelos. Utilidades. Cogumelos dos pasteiros e das hortas. Cogumelos dos piñeirais. Cogumelos das carballeiras e soutos. Os cogumelos como bioindicadores. Audiovisual: Ao encontro dos cogumelos. Os perigos dos cogumelos tóxicos e alucinóxenos. Cultivo de cogumelos e as súas perspectivas. Saída ao monte: Prácticas de apañado de cogumelos, determinación e micotopos. Clasificación de especies.

**Participantes**
69 persoas.

**Organiza**
CEIDA.

**Patrocinio e asesoría**
Centro de Investigación e Información Ambiental de Lourizán-Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**Relatores**
**Antonio Rigueiro Rodríguez**. Profesor da Universidade de Santiago de Compostela. Xefe do Departamento de Produción Vexetal; **Antonio Rodríguez Fernández**. Xefe de Servizo da Consellería de Pesca e colaborador do Centro de Lourizán; **Francisco J. Fernández de Ana-Magán**. Investigador- Xefe da sección de Fitopatoloxía e Micorrizas do Centro de Lourizán; **Esteban Sinde Stompel**. Biólogo experto en cultivos de fungos de Hifas da Terra; **José Gómez Bragaña**. Xefe de grupo do Centro de Lourizán.











## XI foro de medio ambiente

**Data**
30 de Decembro.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Obxectivos**
Dar a coñecer a nova lexislación en materia de solos contaminados (Real Decreto 9/25) e a repercusión para as empresas.
O Real Decreto 9/25, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, obriga aos titulares de actividades potencialmente contaminantes do solo a elaborar un Informe Preliminar de situación para cada un dos solos nos que se desenvolve dita actividade. Esta norma, afecta a máis de cinco mil empresas e establecementos galegos, supón a presentación, antes do 7 de febreiro de 2007, do citado documento á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

**Contidos**
Real Decreto 9/2005. Actividades potencialmente contaminantes do solo. Criterios e estándares para a declaración de solos contaminados. Aplicación da normativa en Galicia. Aspectos técnicos para a avaliación de solos contaminados. Etapas de estudio. Implicación para as empresas. Experiencia práctica. Diagnóstico sobre solos e remediación no subsolo do frente marítimo de Barcelona.

**Participantes**
90 persoas.

**Organiza**
Sección Técnica de Medio Ambiente do Colegio Oficial de Químicos de Galicia.

**Colabora**
CEIDA.

**Patrocinan**
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, CEIDA, Grupo TRABEDE e Fundació TRABEDE

**Relatores**
**Ramón Fernández Conchas**. Xefe da Sección Técnica de Solos Contaminados e Fomento da Calidade. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Carlos Piedra Luis- Yagüe**. Director de Desarrollo de Negocio de TECNOAMBIENTE- Asesores Medioambientales. **Alfredo Muelle.** Director Departamento de Solos. Grupo TRABEDE.




Fotografía: Xacobe Meléndrez



Conferencias

## Conferencia "unha experiencia cubana de xestión do coñecemento da enerxía en rede"

**Data**

17 de Xaneiro.

**Lugar**

Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**

Na conferencia presentouse a rede de coñecemento da enerxía de Cuba, que ten a súa sede en Ciudad de la Habana. Dedícase á adquisición, revisión, transformación e distribución da información comprendendo, entre outros, o establecemento dos vínculos coas institucións provedoras da información e a identificación dos clientes potenciais.
Os obxectivos da rede son xestionar o coñecemento sobre enerxía para o desenvolvemento enerxético sostible e servir de instrumento para o desenvolvemento dunha cultura e conciencia enerxética posibilitando a obtención e distribución da información ao menor custo independentemente da situación territorial.

**Asistentes**

15 persoas.

**Organiza**

CEIDA.

**Relator**

Alois Arencibia Aruca. Membro do equipo nacional de coordinación da rede de xestión do coñecemento da enerxía de Cuba.









## Charla coloquio "a educación ambiental no Brasil"

**Data**

2 de Febreiro.

**Lugar**

Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**

Durante a charla coloquio, o relator, Marcos Sorrentino centrouse na política de Educación levada a cabo nos últimos catro anos polo Órgano Xestor da Educación Ambiental en Brasil. Política que se basea na construcción dun sistema nacional de educación ambiental capaz de atender á formación continuada de educadores ambientais populares que se convertan en animadores de grupos locais de actuacións sobre e para o medio ambiente e a calidade de vida.

**Asistentes**

15 persoas.

**Organiza**

CEIDA.

**Relator**

Marcos Sorrentino. Director polo Ministerio de Medio Ambiente do Brasil do Organismo Xestor da Educación Ambiental.



## Conferencia "contaminación mariña "

**Data**
21 de Marzo.

**Lugar**
IES Cruceiro Baleares. Culleredo.

**Contidos**
Unha reflexión sobre as causas e os efectos da contaminación mariña.

**Asistentes**
50 persoas.

**Relator**
**Carlos Vales Vázquez**, director do CEIDA.









*Fotografía: Xacobe Meléndrez*

## Conferencia "cambio climático"

**Data**
23 de Marzo.

**Lugar**
IES Cruceiro Baleares. Culleredo.

**Contidos**
Unha aproximación ao fenómeno do cambio climático e os seus efectos para estudiantes de ESO e Bacharelato.

**Asistentes**
130 persoas.

**Relator**
**Roi Zearreta López**, técnico de educación ambiental do CEIDA.



## Conferencia "Trevinca, Parque Natural, estación de esquí ou que?"



**Data**
7 de Xuño.

**Lugar**
Edificio Multiusos do Concello do Barco de Valdeorras.

**Contidos**
O impacto ambiental que causaría a construción dunha estación de esquí no macizo de Pena Trevinca e como a conservación da natureza hoxe en día pode aportar desenvolvemento a moito máis longo prazo que outras propostas.

**Asistentes**
30 persoas.

**Organiza**
Club Peña Trevinca.

**Relator**
**Carlos Vales Vázquez**, director do CEIDA.







*Fotografías: Pepe Valverde*





## Curso de interpretación do patrimonio ambiental e cultural









**Datas**
13, 14 e 15 de Novembro.

**Lugar**
Pazo da Cultura- Carballo.

**Obxectivos**
Coñecer as posibilidades da interpretación como estratexia de divulgación do patrimonio.
Coñecer os medios e as técnicas para a interpretación ao público visitante.
Aplicar as técnicas en traballos prácticos.

**Contidos**
Introdución á interpretación do patrimonio (IP). O destinatario da IP. Que rasgos interpretar?. A comunicación. Textos, gráficos, ilustracións e medios impresos. Sinais e paneis interpretativos. Sendeiros e itinerarios interpretativos. Exhibicións e exposicións interpretativas. Interpretación ambulante e espontánea.

**Participantes**
24 persoas.

**Organiza**
Plan de Dinamización Turística Costa da Morte e CEIDA.

**Colaboran**
Fondo Europeo de Desarrollo Regional, Secretaría de Estado de Turimo y Comercio- Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Dirección Xeral de Turismo- Consellería de Innovación e Industria e Deputación da Coruña.

**Relator**
**Jorge Morales Miranda**, consultor en Interpretación do Patrimonio.

# Curso de recoñecemento dos recursos do territorio

**Datas**
14 e 15 de Decembro.

**Lugar**
Pazo da Cultura- Carballo.

**Obxectivos**
Dar a coñecer os espazos protexidos da Costa da Morte. Poñer en valor outros recursos naturais e bens patrimoniais da zona. Xerar vínculos afectivos entre a poboación local e os seus recursos patrimoniais. Potenciar a participación das persoas da zona na mellora e conservación do patrimonio.

**Contidos**
Espazos Naturais e Conservación. Políticas de conservación para os Espazos Naturais Galegos. Espazos Naturais Protexidos da Costa da Morte. Historias, lendas e crenzas. Bases para a xestión do patrimonio. Criterios para avaliar o interese patrimonial de bens culturais. Construccións populares e etnografía na Costa da Morte. Turismo cultural e desenvolvemento local: teoría e práctica. Turismo cultural na Costa da Morte.

**Participantes**
30 persoas

**Organiza**
Plan de Dinamización Turística Costa da Morte e CEIDA.

**Colabora**
Fondo Europeo de Desarrollo Regional, Secretaría de Estado de Turimo y Comercio- Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Dirección Xeral de Turismo- Consellería de Innovación e Industria e Deputación da Coruña.

**Relatores**
**Carlos Vales Vázquez**. Director do CEIDA. **Rogelio Fernández Díaz**. Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. **Pablo Ramil Rego**. Director do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER). **Fernando Alonso Romero**. Profesor de Historia e Cultura Británicas da Universidade de Santiago de Compostela. **Matilde González Méndez**. Arqueóloga, especialista en xestión e revaloración do patrimonio histórico. **Begoña Bas López**. Técnico do Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón. **Felipe Senén López Gómez**. Técnico de Xestión Cultural da Deputación da Coruña. **Xan Fernández Carreira**. Profesor no CPI Alcalde Xosé Pichel de Coristanco. Escritor.

Actividades fóra do Castelo de Santa Cruz







*Fotografía: Lorena Martínez*

# Colaboración nas xornadas: oportunidades para o turismo ornitolóxico na Costa da Morte

**Datas**
20 e 21 de Outubro.

**Lugar**
Centro Social de Neaño- Cabana de Bergantiños.

**Obxectivos**
Dar coñecer experiencias e oportunidades socioeconómicas asociadas ao sector turístico de zonas de alto valor ecolóxico.

**Contidos**
O medio natural: caracterización do LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) e ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) "Costa da Morte": O medio mariño. Aproveitamentos do medio mariño e litoral. A ZEPA "Costa da Morte (norte)"; Os espazos protexidos: conservación e desenvolvemento: A ordenación do litoral. Accións de Conservación; As aves na Costa da Morte: As aves terrestres. A migración das aves; O mercado ornitolóxico; Turismo ornitolóxico: Iniciativas. Programa de recuperación da Lagoa de la Nava. Lagoa de Gallocanta; Turismo ornitolóxico: Potenciais da Costa da Morte Norte. A ornitoloxía como afección. Itinerarios ornitolóxicos e estacionalidade na Costa da Morte; Mesa redonda. Oportunidades para o Turismo Ornitolóxico na Costa da Morte; Obradoiro práctico: xornada de campo.

**Participantes**
60 persoas

**Organizan**
Concello de Cabana de Bergantiños e Terranova Interpretación y Gestión Ambiental, S.L..

**Colabora**
CEIDA.

**Relatores**
**Ramón Muiño**. Doutor en Bioloxía. Universidade da Coruña; **Juan Freire**. Doutor en Bioloxía. Universidade da Coruña; **Graciela Fernández**. Licenciada en Dereito. Tesoureira da Sociedade Galega de Ornitoloxía; **Cristina Amil López**. Enxeñeira de Camiños. Demarcación de Costas de Galicia; **Jesús Santamarina**. Xefe do Servizo de Conservación da Biodiversidade. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia; **Pedro Galán**. Doutor en Bioloxía. Universidade da Coruña; **Ana Bermejo**. Doutora en Bioloxía. Secretaria do Centro de Migración de Aves da Sociedade Española de Ornitoloxía; **José Miguel Pumar**. Asesor de Medio Ambiente do Concello de Cariño; **Manuel Martínez**. Director de Recursos Humanos de Terranova Interpretación y Gestión Ambiental, S.L.; **Francesc Kirchner**. Xerente de Oryx; **Fernando Jubete**. Biólogo. Director de desenvolvemento da Fundación Global Nature; **Pablo Vicente**. Secretario da Asociación de Amigos de la Laguna de Gallocanta; **Belén Machado**. Xerente do Hotel Viña Las Torres (Trujillo, Cáceres); **Andrés Bermejo**. Biólogo. Presidente da Sociedade Galega de Ornitoloxía; **José Luís Rabuñal**. Ornitólogo; **Antonio Sandoval**. Ornitólogo. Director de Proxectos de Terranova, S.L.; **Pedro Tasende**. Radio Voz.



## Presentación da "Guía dos equipamentos para a educación ambiental na Galiza"

**Data**
12 de Xaneiro.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**
Presentación da **Guía dos Equipamentos para a Educación Ambiental na Galiza** por **Araceli Serantes Pazos**, a autora.

Dita guía é o primeiro rexistro sistemático de centros que están a traballar na divulgación do patrimonio a través de propostas educativas e interpretativas ou expositivas e informativas. O libro estrutúrase en dúas partes: a primeira, contextualiza os centros no ámbito da Educación Ambiental presentando as súas características. A segunda, presenta fichas coa información de cada iniciativa, facendo unha breve descrición das infraestructuras e da oferta educativa ou divulgativa.

**Asistentes**
50 persoas

**Organiza**
CEIDA.

**Sobre a autora**
**Araceli Serantes Pazos** (Ferrol) é pedagoga, especializada en intervención socioeducativa e experta en equipamentos para a Educación Ambiental. Traballa como profesora asociada na Universidade da Coruña, no Departamento de Pedagoxía e Didáctica; investiga dende 1997 sobre os equipamentos galegos para a Educación Ambiental. Ten experiencia como educadora e como coordinadora dos equipos educativos de varios equipamentos andaluces e galegos: granxa-escola, aula da natureza, aula de ecoloxía urbana e centro de referencia. Elaborou para a Xunta de Galicia o borrador da Carta de Calidade Galega para os Centros de Educación Ambiental. Publicou numerosos artigos sobre o tema en revistas e actas.












## Presentación da "Memoria de actividades CEIDA 2001- 2005"

**Data**
11 de Novembro.

**Lugar**
Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**
Presentación ao público e medios de comunicación da publicación que recolle a memoria de actividades desenvolvidas polo CEIDA no período que abarca dende o ano 2001 ata o 2005.

**Asistentes**
60 persoas

**Organiza**
CEIDA.










El Ideal Gallego Jueves, 16 de noviembre de 2006

**breves**

## El Ceida organiza un seminario sobre educación ambiental

■ El Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida) organiza un seminario que lleva por título "Perfeccionamiento en Educación Ambiental: Pensar Estratéxicamente", que se celebrará los próximos 23, 24 y 25 de noviembre en el castillo de Santa Cruz. El objetivo de este seminario es de reflexionar sobre los retos de la educación ambiental para que funcione como un instrumento que contribuya la sustentabilidad y la mejora de la problemática actual. Por otra parte, la participación de expertos de reconocido prestigio animará la reflexión sobre la citada educación ambiental.

## Más de 200 escolares asisten a talleres de interculturalidad

■ El Ayuntamiento de Oleiros, a través del departamento de Servicios Sociales, está promoviendo unos talleres de interculturalidad dirigidos a 240 alumnos de los centros públicos de tercer ciclo de Educación Primaria, con la finalidad de abordar temas relacionados con la identidad y la diversidad de los pueblos acercando a los más pequeños la realidad cultural de los diferentes colectivos de inmigrantes. Estos talleres son impartidos por educadores sociales que trabajan con grupos a través de dinámicas que fomentan el conocimiento de diferentes aspectos.

---

Las jornadas sobre el futuro del macizo siguen hoy con la charla de un partidario del proyecto

## Alertan del impacto «irreparable» de una estación de montaña en Trevinca

*El director del centro de Divulgación Ambiental gallego propone declarar la zona parque natural*

Miguel Ascón



Valles participó ayer en las jornadas del Club Peña Trevinca

---

La Opinión, Viernes, 24 de noviembre de 2006

## Expertos de varias comunidades participan en Santa Cruz en una jornada de educación ambiental



Un momento de la inauguración del encuentro. / LA OPINIÓN

Especialistas de Cataluña, Extremadura, Andalucía y Galicia participan hoy en la segunda jornada del seminario Perfeccionamiento en Educación Ambiental: Pensar Estratégicamente, que se celebra en el castillo de Santa Cruz. El encuentro, organizado por el Ceida y que finaliza mañana, fue inaugurado ayer con la presencia del rector de A Coruña, José María Barja.

---

El cambio climático podría incrementar la mortalidad hasta un 30% al subir las temperaturas

## El interior de Galicia será a finales de siglo más árido y menos verde

*La evolución de los últimos treinta años revela que febrero es ya el segundo mes más seco del año*

Raúl Romar



El cambio climático en Galicia permitirá extender los viñedos y producir vinos de gran calidad

Aumento de temperaturas

---

Viernes, 24 de noviembre de 2006

**Entrevista** | Marcos Sorrentino

Director de educación ambiental de Brasil

## «La carne es la responsable de la deforestación de la Amazonia»

*El representante del Ministerio de Medio Ambiente de Brasil asegura en A Coruña que la creación de pastos para alimentar el ganado es el principal problema del pulmón del planeta*

R. Romar



Sorrentino se muestra optimista sobre el futuro del planeta

---

oleiros — La Opinión, 15

La cita tendrá lugar el día 2 en Santa Cruz

## El Ceida organiza un curso sobre turismo y patrimonio cultural

Va dirigido a técnicos de museos y ayuntamientos y público en general

F. V. M.

---

DOMINGO 5 DE NOVIEMBRE DEL 2006

**Oleiros**

## O Ceida promove un curso sobre o mundo dos fungos

LA VOZ | A CORUÑA

■ O Ceida promove un curso de micoloxía do 14 ao 17 de novembro, que rematará o día 18 cunha saída ao monte. A matrícula é de balde pero por mor das prazas limitadas é preciso confirmar a asistencia no número 981630618 ou no correo formacion@ceida.org.













# Programas de educación ambiental

## Un programa de educación ambiental para a conservación da nosa beiramar

### Organiza
CEIDA.

### Patrocina
Deputación da Coruña.

### Beneficiarios
Centros educativos e colectivos de toda Galicia.

A contaminación mariña, a diminución das pesqueiras ou a destrución da liña de costa por intereses inmobiliarios son ameazas que sufre a beiramar e que atentan contra a conservación da nosa riqueza patrimonial para as xeracións vindeiras. A declaración de espazos protexidos costeiros e incluídos dentro da Rede Natura 2000, é un paso obrigado para frear este proceso que semella imparable. Mais cómpre a divulgación e difusión das súas potencialidades e os seus recursos para dotalos de verdadeiras ferramentas de conservación.

O CEIDA desenvolve este programa para lograr novas condutas ambientais nas xeracións máis novas e colectivos de toda Galicia.

### Actividades guiadas
**Roteiros no Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes**
Enclave estratéxico onde se pode observar a entrada ás rías do golfo Ártabro: A Coruña, Ares-Betanzos e Ferrol, e lugar onde gozar da paisaxe que ofrecen os cantís, mostra da bravura do mar.

**Aula do Mar. Casa do fareiro dos Faros de Mera**
A Aula do Mar converteuse hoxe na entrada case obrigada ao Monumento Natural Costa de Dexo- Serantes. No seu interior alberga unha exposición impactante de paneis e proxeccións audiovisuais que nos aportan unha visión global dos valores naturais, patrimoniais, económicos e paisaxísticos da costa galega.

**Porto de Lorbé**
Importante enclave económico e social do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes. Lugar onde coexisten artes e modos de pesca tradicionais con modernas instalacións de cultivos mariños. Supón unha ocasión para comprender a importancia social do mar en Galicia grazas ao contacto cos mariñeiros, coas redeiras e con outros colectivos do sector.

**Intermareal de Santa Cruz**
A vida no intermareal non é doada, os organismos aquí presentes conseguen sobrevivir debido a que presentan adaptacións ás condicións ambientais extremas producidas polo subir e baixar das augas. É un espazo óptimo para a observación de aves mariñas, así como das comunidades de flora e fauna que viven nos areais e rochas das praias.

Ademais o programa "O mar e a costa, recursos valiosos para todos" ofrece a posibilidade de traballar a necesaria conservación da beiramar, con dúas exposicións itinerantes:

· Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible
· O patrimonio marítimo de Galicia




*Un total de 4.336 persoas participaron nas actividades guiadas do programa durante o 2006*




*Un total de 125 grupos pertencentes a diferentes colectivos participaron nas actividades guiadas do programa*

### Avaliación
Para alcanzar os obxectivos do programa, inténtase mellorar a proposta de actividades a través dunha enquisa que se entrega a cada grupo ao rematar a visita.

Os resultados das enquisas destacan dous aspectos da actividade: o esforzo dos educadores ambientais por adecuarse as diferentes idades dos participantes nos contidos e na metodoloxía, e o contorno no que se desenvolve parte do programa: O Seixo Branco, as furnas e acantilados do Monumento Natural Costa de Dexo- Serantes e o Porto de Dexo.




*A **valoración media** do programa é de **4,58** nunha enquisa na que se avalía de 1 a 5 puntos como máximo*











# Aula do Mar. Xestión do Centro de Recepción de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes.



O tramo de costa comprendido entre o cabo de Mera e o Porto de Lorbé, integramente no Concello de Oleiros, presenta un notable estado de conservación, que o converte nun lugar excepcional que é necesario protexer na salvagarda dos seus valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos. Así, no ano 2000, por iniciativa do goberno local, este espazo é nomeado Monumento Natural Costa de Dexo- Serantes pola Xunta de Galicia.

Desde entón, o Concello de Oleiros comeza a traballar na posta en valor da zona a través de diferentes proxectos de recuperación e acondicionamento. Exemplo son o porto de Dexo, o paseo marítimo de Mera, a sinalización e apertura do roteiro Mariñán que recorre toda a costa norte de Oleiros, a restauración da casa do Arxentino de Mera para convertelo nun hotel con encanto, ou a rehabilitación da antiga casa do fareiro para convertela na Aula do Mar.

O CEIDA, en colaboración co Concello de Oleiros e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, xestiona a Aula do Mar como centro de recepción de visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo- Serantes. É o punto focal das visitas a esta franxa costeira.



A Aula do Mar quere converterse nun referente sobre a Educación Ambiental nos Espazos Naturais Protexidos en Galicia. A través dunha exposición sorprendente de paneis, maquetas e proxeccións audiovisuais, tenta facer reflexionar ao visitante que ata alí se achegue sobre o alto valor ecolóxico e cultural da nosa beiramar e da necesidade de harmonizar os intereses extractivos, industriais, turísticos e residenciais para avanzar na súa necesaria conservación.

Na Aula o visitante pode conseguir información dos principais valores naturais e patrimoniais que se agochan nesta paraxe, que roteiros facer, así como cales son condutas aconsellables neste contorno. Ademais, neste centro desenvólvese o programa de educación ambiental "o mar e a costa, recursos valiosos para todos", destinado a centros educativos e colectivos sociais, no que teñen especial protagonismo aqueles que viven próximos ao Monumento Natural.

Todas estas actuacións van encamiñadas a aumentar os servizos de tipo turístico, recreativo, cultural e educativo da zona, co obxectivo de achegar aos visitantes os valores naturais e culturais do espazo, dunha forma ordenada, segura e que garanta a conservación do Monumento Natural costa de Dexo-Serantes.





## Apertura da Aula do Mar

Do 15 de Xullo ao 15 de Novembro:
- De martes a domingos de 10:30 a 14:30 e de 16:00 a 19:00 horas.

Do 15 de Novembro ao 31 de Decembro:
- Fins de semana e festivos no mesmo horario.

Durante este período visitaron a Aula do Mar 10.662 persoas. Co obxectivo de mellorar a xestión, os educadores ambientas deste equipamento realizaron unha enquisa. Os resultados amosan que o visitante tipo deste centro é unha muller de entre 20 e 30 anos con estudos universitarios que vive na Coruña, e o que mais lles gusta da visita é a ubicación e a exposición interpretativa do Centro.

A poboación local é o 26,67% do total de visitantes. Os veciños das parroquias de Dexo e Serantes aproban a apertura da Aula do Mar, porque deste xeito as instalacións do Faro de Mera volven a abrir as súas portas despois de moitos anos de permanecer pechadas. Ademais as cifras de visitantes indican que aumentou o turismo na zona, o que repercutirá favorablemente no desenvolvemento destas parroquias.




*10.662 persoas visitaron a Aula do Mar entre o 15 de xullo e o 31 de decembro*

## Visitas de Grupos Organizados

Máis de 1.600 persoas participaron no 2006 nas actividades guiadas á Aula do Mar e ao Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes. O 72% dos grupos que participaron non cambiarían nada da actividade guiada e valoran moi positivamente o papel dos educadores, os contidos e a organización das visitas. O 96% dos grupos déronlle a puntuación máxima ao traballo dos educadores.






*Un total de 55 grupos pertencentes a diferentes colectivos participaron nas actividades guiadas do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes.*



**Ven a ollar os 400 anos de historia do Castelo de Santa Cruz**

**Organiza**
CEIDA

**Período**
Xullo e agosto

**Horarios**
Xullo, de luns a venres ás 13:00 e 17:30 horas. Agosto, de luns a venres ás 13.00 e 20:00 horas

A Historia do Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, remóntase a finais do século XVI, cando xurde a necesidade de construír un novo forte militar para defender a cidade da Coruña dos ataques navais dos corsarios ingleses.



O paso dos séculos converte esta antiga fortificación no pazo de residencia da escritora Emilia Pardo Bazán e a súa familia, que, ata principios do século XX gozaron desta paraxe, introducindo na illa os elementos característicos dos pazos galegos: xardín, pombal, capela....

Despois da Guerra Civil, entre o ano 39 e o 78, o Castelo pasa a ser un lugar de acollida para milleiros de nenos e nenas orfos, que encontraron nesta illa un escenario incomparable de xogos e lecer durante as súas estadías de verán.

O progresivo abandono do castelo nos anos 80 levou a que o Concello de Oleiros mercase a instalación cun obxectivo: convertelo no centro de referencia da educación ambiental en Galicia, o CEIDA.

**Descrición da actividade**

A peculiar historia desta Illa e o atractivo do seu contorno, fai que durante os meses de verán centos de persoas se acheguen ao Castelo de Santa Cruz desexosos de coñecer a súa historia e de pasear polos seus xardíns nos que se respira a tranquilidade típica dun pazo galego.

A actividade guiada ten unha duración aproximada de 1hora. Os participantes poden viaxar no tempo ao longo dos 400 anos de historia do Castelo de Santa Cruz e gozar das explicacións e anécdotas dos guías intérpretes.

Un total de 274 persoas participaron no programa durante o 2006. Moitas nacionalidades diferentes (Portugal, Arxentina, Brasil...), e tamén xente do contorno oleirense achéganse á historia do seu patrimonio máis próximo.

*Ilustración: Suso Cubeiro*




















# Exposicións

## Iniciativas e experiencias de posta en valor do patrimonio marítimo galego




**Datas**

Do 25 de Marzo ao 19 de Abril.

**Lugar**

Salas de Exposición do Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**

Esta exposición abriuse ao público o 25 de marzo coincidindo coa I Xornada sobre Iniciativas de Recuperación e Divulgación do Patrimonio Marítimo Galego organizadas polo CEIDA.

A mostra foi pensada para que os colectivos participantes na xornada divulgaran as súas iniciativas a través da exposición dos seus materiais. Fixeron uso do espacio tanto a administración como confrarías, asociacións de divulgación do patrimonio marítimo, empresas e grupos ecoloxistas.
Todos estes materiais compartiron as salas de exposición cunha mostra sobre o patrimonio marítimo de Galicia cedida pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF).

**Produce**

Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF).

**Organiza**

CEIDA.

**Colaboran**

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**Visitantes**

704 persoas.




Ilustración: Suso Cubeiro





## Doñana dende unha nube

**Datas**

Do 1 de Xaneiro ao 11 de Febreiro.

**Lugar**

Salas de Exposición do Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**

A exposición consta de 37 instantáneas de Héctor Garrido sobre Doñana, unha confluencia de ecosistemas singular protexida como Parque Nacional dende o ano 1969.

Destacan as fotografías aéreas feitas nos únicos voos permitidos sobre o Parque Nacional durante a realización dos censos de aves acuáticas mensuais que o autor leva a cabo para a Estación Biolóxica de Doñana. A mostra complétase con fotografías de paisaxes a nivel do chan e algunhas sobre fauna. Os textos que acompañan as instantáneas son do mesmo autor.

**Produce**

Héctor Garrido

**Colabora**

CEIDA.

**Organiza**

Deputación da Coruña.

**Visitantes**

1.564 persoas.

**Sobre o autor**

Héctor Garrido (Huelva 1969), defínese como fotógrafo pasional. Comprende a fotografía como unha forma de transmisión de sensacións e non como un fiel espello da realidade. A técnica fotográfica debe ser, segundo o autor da mostra, un medio para conseguir transmitir, non unha finalidade en si mesma.

Os seus traballos fotográficos versan xeralmente sobre a natureza, etnografía e expresión plástica. Traballa para o Equipo de Seguimento de Procesos Naturais da Estación Biolóxica de Doñana (CSIC) realizando labores de ornitoloxía (censos, anelamentos, ...)













## Galicia, conservando a natureza. Espazos naturais de Galicia

**Datas**

Do 24 de Abril ao 25 de Maio.

**Lugar**

Salas de Exposición do Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**

Rías, bosques, montañas, ríos, canóns, lagoas, illas, praias, dunas, matogueiras, esteiros, ... unha gran variedade de ambientes debuxan unha paisaxe única en Galicia. Para protexer esta riqueza natural, Galicia conta cunha rede de espazos naturais que representa o 12% da superficie do noso territorio e axuda á conservación da nosa biodiversidade.

A exposición da a coñecer a todos os galegos, especialmente aos habitantes dos Espazos Naturais Protexidos, os principais valores ambientais e patrimoniais que os fixeron merecedores de dita protección.

A mostra consta de 22 paneis de 200 cm x 100 cm que versan sobre os seguintes temas:
- **Panel 1**: Galicia, conservando a natureza
- **Panel 2**: Os espazos naturais axudan a conservar a biodiversidade
- **Panel 3**: A rede natura protexe os hábitats prioritarios para a conservación da natureza europea
- **Panel 4**: A rede natura protexe especies prioritarias na conservación da natureza europea
- **Panel 5**: Parque Nacional das Illas Atlánticas
- **Panel 6**: Parque natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán
- **Panel 7**: Parque natural das Fragas do Eume
- **Panel 8**: Parque natural do monte Aloia
- **Panel 9**: Parque natural da Baixa Limia- Serra do Xurés
- **Panel 10**: Parque natural dos montes do Invernadeiro
- **Panel 11**: Parque natural da Serra da Enciña da Lastra
- **Panel 12**: Monumentos naturais
- **Panel 13**: Complexo O Grove- Ons
- **Panel 14**: Humidal protexido ría de Ribadeo
- **Panel 15**: Humidal protexido lagoa e areal de Valdoviño
- **Panel 16**: Humidal protexido ría de Ortigueira- Ladrido
- **Panel 17**: Rede Natura: Espazos litorais
- **Panel 18**: Rede Natura: Ecosistemas fluviais
- **Panel 19**: Rede Natura: Lagoas, esteiros, brañas...
- **Panel 20**: Rede Natura: Bosques
- **Panel 21**:Rede Natura: Serras
- **Panel 22**: Zonas de Especial Protección para as Aves

**Produce**

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible-Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

**Organiza**

CEIDA.

**Visitantes**

1.264 persoas.

*Ilustración: Suso Cubeiro*



## A Galicia máis natural

**Datas**

Do 1 ao 10 de Xuño.

**Lugar**

Salas de Exposición do Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**

Nesta exposición ponse de manifesto a enorme variedade de paisaxes que, consecuencia da situación xeográfica, da rede fluvial, do relevo e da actividade humana, Galicia ofrece en todo o seu territorio.

Estas características confiren unha natureza especial ás diferentes zonas e comarcas galegas e, polo tanto, favorecen a existencia de comunidades vexetais e animais de gran importancia ecolóxica, algunhas delas con especies catalogadas como endemismos exclusivos do noso país.
A exposición consta de:

- 22 paneis que dan unha ampla visión da flora e fauna galegas
- 2 equipos informáticos con xogos de descrición e identificación dunha variada gama de especies animais e vexetais.
- 3 expositores que permiten un percorrido interactivo, o visitante debe manipular o expositor para averiguar a orixe de cada elemento.

O contido dos expositores é:
pegadas, rastros de animais (alimentación, egagrópilas, ...) e reproducións de follas de 20 especies arbóreas.

**Produce**

Deputación da Coruña

**Colabora**

CEIDA.

**Organiza**

Deputación da Coruña.

**Visitantes**

941 persoas.







## O mundo dos xogos



**Datas**
Do 14 de Xuño ao 3 de Xullo.

**Lugar**
Salas de Exposición do Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**
A exposición recolle unha selección de obxectos que permiten ao visitante viaxar a través da evolución das actividades lúdicas ao longo da historia.

Seguindo unha orde cronolóxica, contextualízanse os xogos e deportes tradicionais populares máis salientables.

A mostra consta de 115 pezas distribuídas en dúas salas. Na primeira, **O xogo e o deporte a través da historia**, reagrúpanse os xogos, xoguetes e actividades reguladas practicadas polos nosos devanceiros e que, co paso dos séculos, convertéronse nos nosos deportes modernos e espectáculos de masas. A través de gravados e reproducións obsérvase a xénese, evolución e desenvolvemento dos xogos nas distintas culturas e civilizacións.

Na segunda sala, **Os xogos e deportes tradicionais galegos**, expóñense xoguetes e xogos tradicionais de Galicia, algúns deles practicados na actualidade, e outros que xa desapareceron pero seguen formando parte da nosa cultura.



**Produce**
Fundación Ricardo Pérez y Verdes.

**Organiza**
Fundación Ricardo Pérez y Verdes, INEF Galicia (Instituto Nacional de Educación Física) e CEIDA.

**Colabora**
Concello de Oleiros, Consellería de Cultura e Deporte- Dirección Xeral para o Deporte, Caixanova e Fundación Deporte Galego.

**Visitantes**
1.368 persoas.





## O lobo ibérico

**Datas**
Do 7 ao 22 de Xullo.

**Lugar**
Salas de Exposición do Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**
A exposición conta, en dez paneis, diferentes aspectos da vida do lobo, unha especie vítima de prexuicios por mor de falsas lendas que o acusan de perigoso e sanguinario e sometido a unha implacable persecución dende tempos remotos, debido a que, en ocasións, ataca aos animais domésticos.

A mostra complétase con imaxes e diversos materiais relacionados con estes cánidos tales como cepos, peles, maquetas, … Tamén se pode ver a filmografía máis rechamante sobre a especie e consultar os textos científicos e divulgativos máis importantes.

**Produce**
ASCEL (Asociación para la Conservación y Estudio del Lobo Ibérico).

**Organiza**
CEIDA.

**Colabora**
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

**Visitantes**
2.011 persoas.









## Fotógrafos da natureza 2006. Wildlife photographer of the year

**Datas**
Do 27 de Xullo ao 26 de Agosto.

**Lugar**
Salas de Exposición do Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**
A exposición recolle as mellores imaxes seleccionadas polo xurado do concurso internacional Wildlife Photographer of the Year 2006, organizado pola BBC e o Museo de Historia Natural de Londres, que este ano celebra a edición número trinta e dous. Este prestixioso certame mundial de fotografía da natureza ofrécenos a posibilidade de gozar coa espectacularidade, a diversidade e a beleza do mundo natural que nos rodea.

**Produce**
The Natural History Museum e BBC Magazine Wildlife.

**Patrocina**
Caixanova.

**Organizan**
Caixanova, Concello de Oleiros e CEIDA.

**Visitantes**
6.455 persoas.















## Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible

**Datas**
Do 11 de Setembro ao 4 de Novembro.

**Lugar**
Salas de Exposición do Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**
A exposición lembra a catástrofe ambiental do petroleiro Prestige no ano 2002 e da a coñecer as consecuencias reais do vertido de fuel co obxectivo de estimular ao visitante a reflexionar sobre os problemas ambientais que provoca o noso consumo de enerxía.

A exposición consta de:
- 13 paneis de 200 cm x 100 cm coas seguintes temáticas
  · Panel 1: Portada de presentación
  · Panel 2: As mareas negras
  · Panel 3: O Prestige: un barco antigo
  · Panel 4: O transporte marítimo internacional
  · Panel 5: Que necesitamos cambiar?
  · Panel 6: Impacto no medio natural
  · Panel 7: Impacto no medio socio-económico
  · Panel 8: A limpeza do fuel
  · Panel 9: A recuperación ambiental
  · Panel 10: O noso modelo enerxético baseado no petróleo
  · Panel 11: Esgotaremos o petróleo en 40 anos
  · Panel 12: A resposta da sociedade civil
  · Panel 13: Aforro, eficiencia e enerxías renovables
  · Panel 14: Cifras e preguntas sobre o Prestige
- Proxección audiovisual que narra a crónica da traxedia
- Maquetas:
  · Módulo en resina sobre as aves mariñas afectadas.
  · Maqueta dun petroleiro con cortes transversais de casco simple e dobre.
- Reprodución a escala dun barril de petróleo e panel explicativo da súa viaxe.

**Produce**
CEIDA.

**Patrocina**
Fundació Territori i Paisatge.

**Visitantes**
1.341 visitantes.









## Eclipse. El Roto

**Datas**

Do 5 de Novembro a 31 de Decembro.

**Lugar**

Salas de Exposición do Castelo de Santa Cruz. Oleiros.

**Contidos**

A mostra conta con 56 pinturas e viñetas de El Roto (Andrés Rábago García).

As imaxes e frases que coloca ante nós invitan á reflexión, a clarificar as ideas dunha sociedade que, se abandona a moral e a ética, está condenada á destrución. O humor, serio e tranquilo, duro e comprometido que destila a súa obra de trazo groso e cores planos, é moi difícil de catalogar.

**Produce**

SOGAMA (Sociedade Galega do Medio Ambiente) e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**Organiza**

CEIDA.

**Visitantes**

1.533 visitantes.

**Sobre o autor**

**Andrés Rábago García**, El Roto, naceu en Madrid en 1947. A El Roto non lle gusta o termo "humorista". Prefire dicir que practica a sátira, na que o humor pode ter cabida, pero igual que outras moitas cousas. Andrés Rábago colaborou en multitude de publicacións: Ajoblanco, Cuadernos para el diálogo, El Independiente, El Jueves, El Periódico de Catalunya, Hermano Lobo, Triunfo, Informaciones, La Codorniz. Actualmente publica en El País.

O seu estilo procurou sempre reflexar a realidade social, con fins críticos e dende un punto de vista satírico, que consegue a miúdo a milagre de aunar a tenrura cunha despiadada visión da vida e as súas contradiccións. Aparte das súas colaboracións en prensa e revistas, ten publicado libros e destaca tamén como guionista,escenógrafo e pintor.









# Exposicións itinerantes



O programa de exposicións itinerantes conta con varias mostras deseñadas e producidas polo CEIDA ou cedidas por outras entidades para o seu préstamo. O CEIDA presta gratuitamente estas exposicións itinerantes a todas aquelas entidades interesadas en recibilas temporalmente nas súas instalacións. O seu deseño foi pensado para facilitar ao máximo o seu transporte así como as súa montaxe e desmontaxe.

O CEIDA escolleu este formato itinerante para adaptarse á realidade da poboación galega: a súa extraordinaria dispersión. Esta situación dificulta a efectividade de eventos informativos e divulgativos pensados para un gran número de destinatarios e obriga a acudir a recursos, como o caracter itinerante, que permite achegar estas mostras a toda a cidadanía galega.

Estas exposicións caracterízanse por ter unha temática ambiental e nelas reflíctense as liñas prioritarias de actuación do CEIDA, entre a que se encontra a conservación do medio mariño e litoral. Nelas trátase a importancia do medio mariño dende varios puntos de vista: o ambiental, o socio-económico e o cultural, e os impactos e ameazas que está a sufrir, así como as diferentes medidas que se están tomando e se deben tomar para garantir a súa preservación.

O gran éxito que tivo este programa, sobre todo entre os centros de ensino, plásmase nas cifras de participantes. Durante o 2006, 42 entidades participaron neste programa cun total de 20.663 visitantes.

## Operación Monarca 2006





**Visitantes**

10.188 persoas.

**Nº de centros**

19

**Produce**

CEIDA.

**Patrocina**

Deputación da Coruña.

**Colabora**

Eliseo H. Fernández Vidal

**Descrición**

A exposición **"Operación Monarca"** é a primeira exposición itinerante que se fai dende o CEIDA. Un dos fenómenos máis abraiantes que nos ofrece a natureza galega é unha visitante de alén do Atlántico: a bolboreta Monarca, que voa miles de quilómetros coas súas fráxiles ás, cruza o mar e nos visita cada outono cun sixilo que non fai honra a semellante fazaña.

O proxecto "Operación Monarca" ten como obxectivo que cada vez máis persoas coñezan esta bolboreta e poidan informar das súas observacións, co fin de ter un coñecemento máis profundo da súa presenza en Galicia. Ademais, pretende que persoas alleas á lepidopteroloxía se interesen polo coñecemento deste marabilloso mundo e a súa conservación.

**Relación de centros**

| | |
|---|---|
| IES Poeta Añón (Outes) | 9 - 23 Xaneiro |
| IES Monelos (A Coruña) | 24 Xaneiro – 4 Febreiro |
| CPI Monte Caxado (As Pontes) | 6 - 18 Febreiro |
| IES de Beade (Vigo) | 20 Febreiro – 9 Marzo |
| CPI Cabo da Area (Laxe) | 10 - 24 Marzo |
| IES Ponteceso (Ponteceso) | 24 Marzo – 7 Abril |
| IES de Ames (Ames) | 18 - 27 Abril |
| Escola Oficial de Idiomas de Vigo | 2 - 11 Maio |
| CEIP Bibei (Viana do Bolo) | 15 - 25 Maio |
| IES Carlos Casares (Viana do Bolo) | 26 Maio – 9 Xuño |
| CEIP Concepción Arenal (A Coruña) | 15 - 24 Setembro |
| IES da Sardiñeira (A Coruña) | 24 Setembro – 3 Outubro |
| IES Ramón Mª Aller Ulloa (Lalín) | 4 - 16 Outubro |
| IES Laxeiro (Lalín) | 17 - 25 Outubro |
| Colexio Bayón (Ribeira) | 27 Outubro – 8 Novembro |
| IES Praia Barraña (Boiro) | 9 - 16 Novembro |
| CPI dos Dices (Rois) | 20 - 29 Novembro |
| CPI Cernadas de Castro (Lousame) | 30 Nov. – 13 Dec. |
| CEIP Bispo Guerra Campos (Ames) | 14 – 22 Decembro |







## Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible

**Visitantes**
2.596 persoas.

**Nº de centros**
4

**Produce**
CEIDA.

**Patrocina**
Fundació Territori i Paisatge.

**Descrición**
Dous anos despois da catástrofe do Prestige, esta exposición, producida polo CEIDA, fíxonos reflexionar sobre o modelo enerxético da sociedade actual dependente do petróleo e as súas consecuencias, sendo a marea negra unha das máis evidentes, pero non a única, o que nos leva a unha profunda reflexión sobre o mar e o uso do noso litoral.

A exposición fai unha forte aposta por un desenvolvemento máis harmonioso coa consecución dos nosos recursos e incide, especialmente, na importancia de facer un consumo enerxético máis racional e responsable.

**Relación de centros**

| | |
|---|---|
| CPI Aurelio M Rey García (Cuntis) | 16 – 31 Xaneiro |
| IES Campo de San Alberto (Noia) | 1 - 14 Marzo |
| IES Cruceiro Baleares (Culleredo) | 17 - 27 Marzo |
| IES Manuel Antonio (Vigo) | 15 Novembro – 1 Decembro |









## O patrimonio marítimo de Galicia

**Visitantes**
1.039 persoas.

**Nº de centros**
3.

**Produce**
Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

**Colabora**
CEIDA

**Descrición**
Ao longo dos tempos, en todo o litoral galego téñense desenvolvido actividades, oficios e modos de vida vencellados ao mar. Para pescar, transportar e, conservar, foi preciso construír barcos e despois portos para protexelos, así como edificios axeitados para transformar o peixe. Tamén houbo que concibir aparellos, útiles de traballo e técnicas singulares, axeitados a cada costa e ás tradicións da zona en cuestión.

Pero o mar é algo máis que reserva de peixe ou vía de comunicación. As nosas construcións, a nosa toponimia, a nosa fala, a nosa gastronomía, as nosas festas… en definitiva, a nosa cultura está vinculada ao mar. Todas estas manifestacións fan que Galicia conte cun inmenso e valioso Patrimonio Marítimo.

A **Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial** (FGCMF) naceu en 1993 coa finalidade de impulsar a conservación e posta en valor do noso patrimonio marítimo. Na actualidade está composta por trinta e sete asociacións repartidas por toda a beiramar de Galicia e o Norte de Portugal. O CEIDA colabora na divulgación desta exposición tras establecerse un convenio de colaboración coa FGCMF.

**Relación de centros**

| | |
|---|---|
| IES Campo de San Alberto (Noia) | 30 Outubro – 14 Nov. |
| CPI Cabo da Area (Laxe) | 15 Novembro – 1 Decembro |
| IES Poeta Añón (Outes) | 4 - 22 Decembro |

*Fotografías: Xacobe Meléndrez Fassbender*



**Visitantes**
6.840 persoas.

**Nº de centros**
16.

**Produce**
CEIDA e Fundació Territori i Paisatge.

**Patrocinan**
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

**Colabora**
Haley.

**Descrición**
Durante séculos os seres humanos vimos servíndonos sen miramentos dos recursos que o mar nos ofrece, tanto extraendo alimentos e materiais como aproveitándonos do seu "ilimitado" poder de asimilación de residuos (vertidos, mareas negras, produtos químicos, etc.). Ao principio a degradación das augas foi lenta e silenciosa. Hoxe alcanzou unha magnitude alarmante.

Nos últimos anos unha gran variedade de acordos a escala internacional veñen recoñecendo a necesidade de protexer os ecosistemas mariños. Na busca da figura de protección máis efectiva, entre unha amálgama de siglas e denominacións (a escala local, nacional, comunitaria e internacional) destaca un novo concepto: as Áreas Mariñas Protexidas.

Na actualidade as Áreas Mariñas Protexidas (AMPs) son unha das principais ferramentas de xestión das pesqueiras, ao que se engade a súa importancia na conservación da biodiversidade.

**Relación de concellos**

| | |
|---|---|
| Baiona | A bordo da goleta Nieves |
| Cangas | A bordo da goleta Nieves |
| Bueu | A bordo da goleta Nieves |
| Portonovo | A bordo da goleta Nieves |
| O Grove | A bordo da goleta Nieves |
| Vilagarcía | A bordo da goleta Nieves |
| A Pobra | A bordo da goleta Nieves |
| Muros | A bordo da goleta Nieves |
| Camariñas | Casa de Pedra (Baixo Mariña) |
| Malpica | Salón de actos da confraría de pescadores |
| Sada | Casa da Cultura Pintor Lloréns |
| Cariño | Aula de Extensión Pesqueira |
| Cedeira | Confraría de Pescadores |
| Celeiro | Centro Comarcal A Mariña Occidental |
| Burela | Aula de Extensión Pesqueira |
| Fisterra | Confraría de Pescadores |











# DOMINGO QUIROGA

## CENTRO DE DOCUMENTACIÓN



# DOMINGO QUIROGA
## CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

**Introdución**

O CEIDA, como centro de referencia en educación ambiental en Galicia, promove a educación e sensibilización en materia de medio ambiente de toda a sociedade. Dentro dos seus obxectivos cobra unha importancia primordial a tarefa de difusión de información, que debe ser coordinada a través dun centro de documentación especializado. Así xurdiu a idea de crear o Centro de Documentación en Medio Ambiente Domingo Quiroga como unha das principais áreas do CEIDA, que serve como ferramenta de apoio a todas as actividades desenvolvidas no centro.

O centro de documentación, que tivo as súas orixes na Casa de Xuventude de Oleiros, tomou como modelo de xestión dos fondos o centro de documentación do CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental). O CENAM organiza seminarios de medio ambiente e espazos naturais protexidos aos que convida ao CEIDA dende a súa primeira edición. Destes encontros xurde a Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental (RECIDA), que reúne a unha grande cantidade de centros de documentación especializados en medio ambiente de todo o estado.

O centro de documentación adoptou, ao longo destes anos, a xestión dunha tipoloxía, cada vez máis diversa, de material: nun primeiro momento catalogábanse únicamente monografías e revistas e, na actualidade, xestiónanse gran cantidade de materiais especiais (audiovisuais, cartografía, recursos electrónicos, ...). O mesmo aconteceu cos seus servizos: o ano 2006 supuxo a edición de publicacións electrónicas e outros produtos informativos que consolidaron a súa función como difusor de información ambiental.

A continuación inclúense unha relación das melloras e ampliacións, tanto nos fondos documentais coma no equipamento, así como nos servizos ofertados aos usuarios.


Don Domingo Quiroga Ríos

O Centro de Documentación en Medio Ambiente Domingo Quiroga lembra a figura de Don Domingo Quiroga Ríos (1900-1992), primeiro presidente da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e experto mundial en recursos pesqueiros pola FAO (Organización para a Agricultura e a Alimentación). Ademais, tivo un papel sobranceiro na defensa dos recursos naturais e do medio ambiente de Galicia.

**Fondos documentais**

No 2006, como nos anos anteriores, chegaron ao centro publicacións a través de adquisición a editoriais e librerías. Cabe destacar tamén o intercambio de publicacións con outros organismos como o Centro de Documentación da Auga de Zaragoza, o Servizo de Documentación do Goberno de Aragón, o CENEAM ou o Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. As doazóns de institucións públicas e privadas, entre elas a Fundación Caixa Galicia e a Obra Social Caixanova, e do director do CEIDA contribúen á continua ampliación dos fondos.

Para mellorar o acceso a todos estes materiais incorporouse un novo equipo informático a disposición dos usuarios, que tras recibir unhas nocións básicas da súa utilización, poderán acceder ás bases de datos do centro.



3592 monografías



9129 artigos baleirados



524 audiovisuais



732 documentos de literatura gris



1790 folletos



360 recursos electrónicos

## Materiais elaborados polo centro

Procurando facilitar o acceso á información, dende o centro de documentación elaboráronse unha serie de materiais que recollen contidos de carácter especializado.

Dossieres.

- Dossieres de prensa.

Ao longo de todo o ano fíxose unha selección das novas máis destacadas publicadas en prensa e relacionadas coa temática ambiental. Trátase dun labor de continuación de anos anteriores, nos que se estableceron unha serie de temas que podían resultar de interese pola temática e pola localización xeográfica do centro. Así, este ano abriuse un novo dossier relacionado cos incendios forestais, debido ao alude de novas publicadas nos xornais durante o verán de 2006 en Galicia.

Respecto ao dossier do Prestige, no que se leva traballando varios anos, estableceuse un novo criterio de organización da información, que resulta máis operativo, con vistas a facilitar a súa posterior difusión.

- Dossieres de artigos.

Con motivo da celebración no CEIDA de actividades relacionadas con dous temas importantes e de actualidade como son o cambio climático e as áreas mariñas protexidas, o centro de documentación elaborou dous dossieres sobre esta temática. Para elo fíxose unha selección dos artigos indexados na base de datos e se organizaron cronolóxicamente en varios volumes.

Boletíns electrónicos

Para darlle unha maior difusión aos fondos do centro de documentación, elabórase dende maio de 2006 o Boletín de Novidades, de carácter mensual, cos últimos materiais chegados ao centro. Cada boletín está adicado a unha personaxe ou institución relevante no ámbito ambiental, e a súa estrutura conta con varios apartados segundo o formato de material: monografías, artigos, audiovisuais, literatura gris e recursos electrónicos. Ademais, inclúese unha sección específica para os boletíns oficiais (BOE e DOG) e para publicacións periódicas electrónicas.

Desde o mes de outubro, a raíz dun acordo de colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, estase a elaborar o Boletín informativo Amares, que seguindo unha estrutura semellante á anterior, pero de carácter quincenal, está especializado no medio mariño. Ademais das seccións comentadas para o boletín anterior, inclúese un directorio web, con enlaces a páxinas das que se pode extraer información valiosa, e unha sección cos datos de contacto da Consellería, confrarías e entidades relacionadas co medio mariño en Galicia.

Ambos boletíns son publicados na páxina web do CEIDA e os subscritores reciben un aviso da súa posta a disposición na web.






Directorio web

A elaboración da páxina web do CEIDA supuxo unha renovación de contidos da anterior, permitindo engadir un directorio de recursos web elaborado desde o centro de documentación. O directorio recolle enlaces a entidades, bases de datos, portais, etc. acompañados dunha breve descrición, e que están estruturados nun esquema que se reflexa na seguinte imaxe.




## Campaña de divulgación

Para dar a coñecer o centro de documentación, en marzo de 2006 diseñouse un folleto divulgativo onde se reflexan os temas que se poden consultar, os servizos e os datos de contacto e horario do centro. Nesta campaña divulgativa fíxose un envío do mesmo, xunto a unha carta de presentación, a universidades, bibliotecas, colexios e institutos, centros e oficinas de xuventude, asociacións de educación ambiental, equipamentos, arquivos, fundacións, centros de desenvolvemento comarcal, colexios oficiais e aos membros da Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental (RECIDA).

## Redes de colaboración

Como en anos anteriores, realizouse o V Seminario de Centros de Documentación Ambiental e Espacios Naturais Protexidos. Tivo lugar en Valsaín (Segovia) do 5 ao 7 de xuño.

No seminario presentáronse os novos centros que pasan a formar parte do RECIDA, os participantes compartiron as súas experiencias e o Centro de Documentación en Medio Ambiente Domingo Quiroga aproveitou para presentar o Boletín de Novidades. Destacou o taller sobre recuperación de información e posicionamento web dirixido por Isidro Aguillo do Centro de información e documentación científica (CINDOC) adscrito ao CSIC.

Como remate do seminario fíxose a presentación do folleto do RECIDA, para que os participantes aportaran as súas ideas e darlle forma a este proxecto común.

Por outra banda, este ano iniciouse un proceso que pretende de unificar toda a información e documentación ambiental existente nos centros galegos especializados na temática ambiental: o Centro de Documentación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o do Centro de Investigación e Información Ambiental de Lourizán (CINAM), e o Centro de Documentación en Medio Ambiente Domingo Quiroga do CEIDA. Baixo a coordinación do Centro Superior Bibliográfico de Galicia (CSBG), inténtase desenvolver un proxecto de colaboración mediante a creación dunha rede galega de centros de documentación ambiental. Ata o momento leváronse a cabo varias reunións entre os centros para poñer en común criterios de catalogación e clasificación e están previstos sucesivos encontros para poñer en marcha esta rede.



## Publicacións do CEIDA durante o ano 2006

Durante o ano 2006 o CEIDA editou tres publicacións, dúas monografías e unha revista, que marcan o inicio dun labor editorial que se pretende continuar durante os vindeiros anos:




**SERANTES PAZOS, Araceli.**
**Guía dos equipamentos para a educación ambiental na Galiza. E doutras instalacións para a divulgación do patrimonio.** Oleiros (A Coruña): CEIDA, 2005. 164 p. (Documentos para a educación ambiental no CEIDA; 1). ISBN 84-609-7239-9.

Primeiro rexistro sistemático de centros que están a traballar na divulgación do patrimonio, a través de propostas educativas e interpretativas ou doutras expositivas e informativas, todos eles compartindo o mesmo fin, a conservación do legado natural e cultural.




**VALES VÁZQUEZ, Carlos (dir. y coord.).**
**Memoria de actividades: CEIDA 2001-2005.** [Oleiros]: CEIDA, DL 2006. 158 p.

Coa publicación desta memoria, o CEIDA pretende ofrecer unha visión de conxunto de todas as actividades desenvolvidas no centro entre os anos 2001 e 2005, persiguen os obxectivos de información, formación e sensibilización ambiental.




**AmbientalMente sustentable: Revista científica galego-lusófona de educación ambiental.** A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña ; CEIDA, D. L. 2006. ISSN 1887-2417.

Publicación que xurde como medio para o intercambio e a divulgación das investigacións e reflexións que se están a facer no ámbito da educación ambiental desde distintas áreas científicas.

Ademais deste labor editorial, o CEIDA colaborou durante este ano na edición da seguinte obra:




**TILDEN, Freeman.**
**La interpretación de nuestro patrimonio.** 1ª ed. en castelán. [Navarra]: Asociación para la Interpretación del Patrimonio, cop. 2006. 176 p.ISBN 84-611-0689-X.

Peza fundamental para todas aquelas persoas que se dedican profesionalmente á interpretación do patrimonio, sentou as bases da interpretación nos anos cincuenta (edición orixinal) e, aínda hoxe, o seu conxunto de ideas e principios consideranse de lectura obrigatoria.

## Administración Central

- Parques Nacionales. Secretaría General para el Territorio y la Biodiversidad. Ministerio de Medio Ambiente.
- CENEAM

## Administración Autonómica

- Amares. Programa de Uso Sostible do Mar
- Centro de Investigación e Información Ambiental de Lourizán - CINAM
- Consellería de Innovación e Industria.
- Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Dirección Xeral de Turismo - Consellería de Innovación e Industria.
- Instituto Enerxético de Galicia – INEGA
- Secretaría Xeral. Consellería de Cultura e Deporte.
- Sociedade Galega do Medio Ambiente - SOGAMA.

## Administración local

- Deputación da Coruña.
- Plan de Dinamización Turística Costa da Morte.

## Colaboracións internacionais

- Ministério do Meio Ambiente de Brasil
- NEREA Investiga
- Royal Netherlands Institute for Sea Research
- Sea Alarm Foundation
- Unión Mundial para a Natureza

## Universidade

- Departamento de Medicina. Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña

## Empresa privada

- CEM
- Foto Artús.
- Fujifilm
- Grupo Gadisa
- OFC Centro de Formación Ambiental.
- Terranova Interpretación y Gestión Ambiental S.L.

## Fundacións e entidades financeiras

- Obra Social Caixanova
- Fundació Territori i Paisatge
- Fundación Ricardo Pérez y Verdes

## Ambientalistas

- Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia - ADEGA
- Asociación para la Conservación y Estudio del Lobo Ibérico - ASCEL
- Sociedade Galega de Educación Ambiental - SGEA

## Outras

- Club Peña Trevinca
- Colexio Oficial de Químicos de Galicia.
- Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial





CEIDA

CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA